

## sarria

Familias do Ceip Frei Luís piden un espazo de recreo para os nenos. **Páx. 7**

## paradela

O polígono agroforestal de Loio vén de declararse de utilidade pública. **Páx. 16**

## samos

O Goberno local está a levar a cabo melloras en varias zonas do municipio. **Páx. 18**

## láncara

O PXOM Iancarés superou a primeira fase de avaliación ambiental. **Páx. 19**

## o incio

Aprobado o orzamento municipal de máis de 2 millóns de euros. **Páx. 20**

## Xaque á Feculera

A nave comprada polo Concello por 300.000 euros non poderá albergar un auditorio ou un espazo cultural público segundo o TSXG



## Falamos coa Asociación Que Facemos

Coñecemos ao colectivo que promove a música electrónica e alternativa en Sarria. **Páx. 4**

## Montserrat Mulet é a nova alcaldesa

A rexedora de Paradela fala sobre estes primeiros meses de traballo á fronte do Concello. **Páx. 17**

## Programación cultural



Ampla programación para o mes de marzo no concello de Sarria. **Páx. 7**

## Asociación de Palilleiras



Este colectivo sarriao organiza a Xuntanza de Palilleiras este mes. **Páx. 8**

## Festival Terra Brava



A organización anunciou a primeira confirmación para o festival do Incio. **Páx. 20**

## A Deputación urxe un plan de investimentos

O Goberno provincial reclámalle á Xunta que impulse as infraestruturas pendentes. **Páx. 21**



INNOVACION, COMPROMISO Y GARANTIA

CUCHILLA MAÍZ LATERALES ABATIBLES MODELO MEIRA

ENCAMADORA DE CUBÍCULOS DE 0,7m<sup>3</sup>, 1m<sup>3</sup>-1.7 m<sup>3</sup> Y 2.1m<sup>3</sup>

ENCONTRARÁS CUALQUIER TIPO DE RECAMBIO AGRÍCOLA

RODILLOS AGRÍCOLAS ARRASTRADOS AUTONIVELANTES DESDE 1-2-3- CUERPOS DE 3 A 11 M DE LABOR. TUBOS 711X12, 820X18 Y DE 3000 KG A 8000 KG.

¡CONSÚLTANOS SIN COMPROMISO!

EXTENDEDOR DE SILO MODELO VIMIANZO CON BOMBOS GALVANIZADOS DE Ø 80/225 E Ø 100/240

MAQUINARIA AGRÍCOLA CORBAR, S.L. Polígono Ind. O Morelle nave nº 4 - 27614 - Sarria, Lugo // Telf. y Fax: 982 531 463 // corbar@corbarsil.com

## SARRIA

## Aprobadas as mocións presentadas no Pleno



O último Pleno do Concello de Sarria, que se celebrou o último día de febreiro, acolleu a presentación de sendas mocións por parte do PSOE e do PP, que foron aprobadas.

Pola parte dos populares, os concelleiros do Grupo Municipal do PP de Sarria propuxeron que o Concello se dirixa ao Goberno central para “esixir a flexibilización da normativa europea para que “non afogue aos gandeiros”. A portavoz, Carmen José López, defendeu “a importancia do sector agrogandeiro para o noso municipio dende o punto de vista produtivo, económico, social e medioambiental”.

Os populares din compartir os reclamos que os gandeiros trasladaron ás rúas coas súas protestas pola baixa rendibilidade derivada de prezos que cobren os custos de produción, a necesidade de abordar unha modificación da lexislación europea e a competencia desleal polos tratados de libre comercio da UE con terceiros países sen cláusulas espello.

Así, esta moción foi aprobada cos votos a favor do PP e do BNG e contou coa abstención do PSOE e Camiña Sarria.

**MOCIÓN DO PSOE.** Pola súa parte, os socialistas conseguiron aprobar tamén a súa moción, na que pedían incorporar máis ciclos de formación profesional nos institutos Gregorio Fernández e o Xograr Afonso Gómez. Desde o PSOE defenderon que hai “unha necesidade de especialidades que deben adecuarse ás demandas actuais do alumnado”. Concretamente, avogaron por crear un ciclo de hostalaría e un ciclo da rama sanitaria, debido á cantidade de residencias e centros sanitarios que ten a comarca. Por outra banda, o PSOE de Sarria tamén presentou unha moción que foi aprobada na que propoñen instar á Xunta de Galicia a implantar un Punto de Encontro Familiar que dea servizo e apoio aos problemas de menores e familiares en situación de crise de toda a comarca.

## O PP e o Goberno local de Sarria seguen enfrontados pola Feculera

O Partido Popular di que o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia “desmonta a gran mentira de Claudio Garrido coa Feculera, trala sentenza na que deixa claro que no inmoible non se ía a poder facer o auditorio nin darlle o destino de usos culturais”.

Os populares levan anos advertindo da imposibilidade de facer un auditorio na Feculera e agora o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia nunha sentenza contundente confirma as afirmacións do Partido Popular.

A nave comprada polo Concello por 300.000 euros non poderá albergar un auditorio ou un espazo cultural público, xa que o acceso á nave realízase por terreos privados e, ademais, atópase fóra de ordenación e, mesmo, enriba dun vial proxectado nas normas urbanísticas.

O Grupo Municipal lembra que “tendo en conta que o edificio está fóra de ordenación, unicamente se podían facer obras de conservación e, por tanto, era inviable facer un auditorio, estando ademais prohibido o cambio de uso”, explican.

“Garrido leva anos enganando ás asociacións e aos colectivos artísticos e culturais frivolisando e facendo perder o tempo cun suposto proxecto que era inviable. E o máis grave é que o propio alcalde era consciente da imposibilidade de que a Feculera se dedicase a ese uso. O rexedor tentou enganar tamén a toda a cidadanía cunha infraestrutura fundamen-



tal e prioritaria para Sarria como é o Auditorio, polo que esperamos que se poña a traballar para non perder máis tempo con este asunto e facer realidade unha necesidade evidente para o municipio”, conclúen.

**GOBERNO LOCAL.** Pola súa parte, Claudio Garrido, alcalde de Sarria, sostén que estudará “levar a cabo un recurso de casación contra a sentenza do TSXG na que se estima o último recurso do PP de Sarria, anulando a adquisición da Feculera, “xa que consideramos que o PP de Sarria está a realizar unha estratexia destrutiva sen considerar as necesidades e intereses dos veciños e veciñas da vila”. Así, explican que cando se comezou o proceso para a adquisición do espazo, o PP “entorpecer con noticias falsas que falaban de empresas que querían comezar a realizar unha actividade industrial nas instalacións e que non podían facelo por impedimento do Concello”.

Pero, despois, unha vez adqui-

rida, puntualizan: “Xa non lles resultaba válido para ningunha construción e buscaron novas escusas. Entorpeceron presentando un recurso de carácter técnico que impediu durante catro anos poder comezar a realizar o proxecto da construción dun auditorio e un espazo sociocultural”.

Por último, din que logo da sentenza favorable do contencioso a favor do Concello, cando o Goberno comezou a traballar no anteprojecto, elevaron o caso ao TSXG “nunha clara demostración de que unicamente buscan que non se avance en algo tan necesario como un proxecto desta envergadura”, denuncian.

En definitiva, concluíu que “visto que se trata dunha infraestrutura que transforma o tecido cultural e asociativo, motor do impulso dunha economía local e unha transformación urbanística no Barrio da Estación, seguiremos cos procedementos necesarios para avanzar nos intereses dos nosos veciños e veciñas”.

TE ESPERAMOS  
EN TU TIENDA  
OFICIAL  
MASlife:

📍 Rúa da  
Liberdade, 133.  
Sarria.

☎ 622 82 62 88



TU ANTIGUA  
TIENDA YOIGO

AHORA  
TE OFRECE  
MUCHO MÁS.

MASlife

Yoigo

MÁSMÓVIL

pepephone

## O plan Deputación destina case 600.000 euros para melloras

O plan Deputación conta con case 600.000 euros para investir no Concello de Sarria, 550.000 da Deputación e 30.000 do Goberno sarriao. A maior parte deste financiamento irá dedicado a obras de mellora do asfaltado de estradas e pistas en zonas rurais. Así, os camiños nos que se actuará son os accesos en Ribeira, no Piñeiro, de Vigo de Sarria a Castro dos Petos, o acceso en Regueiro, Carballar e Castelo dos Infantes, a igrexa de Fontao desde Vilasante, Fafián e as Aceñas, Taíde e a escola da Pinza. Ademais, as pistas no Couso, o cemiterio de Chorente, a vía desde o campo de fútbol de Chorente, o acceso a San Fiz desde Vilapedre, a Fonte do Agro, desde Maside á ponte de Santalla, Guitián ata Calvario e San Pedro, o acceso a Castelo de Loureiro desde a LU-P-5711, o acceso á igrexa de Nespereira, a pista de Vilamaior e o núcleo de Abeledo. Ademais,



o Goberno local decidiu empregar 10.000 euros para construír un muro en Farbán.

Por outra banda, destinaranse 18.000 euros para executar un sistema de control remoto para abrir e pechar o cemiterio municipal de Sarria e investiranse 12.000 euros para integrar un osario no cemiterio.

Con respecto a patrimonio, 18.000 euros utilizaranse para elaborar un

plan director da Casa do Marqués e da praza da Vila.

No referido á residencia de maiores Nosa Señora do Carme, esta tamén contará cunha partida económica para renovar as cortinas, para adquirir material de fisioterapia e elementos de cociña, e para adaptar unha sala de visitas na residencia.

Por último, parte do presuposto irá destinado ao SAF.

## O Encontro de Punkis de Aldea xa ten datas e primeiros grupos confirmados

O Buril organiza, un ano máis, o Encontro de Punkis de Aldea o vindeiro 4 de maio de 2024, un festival punk onde as persoas que asistan poderán escoitar música durante todo o día, cunha mestura de sons de diferentes grupos musicais de rock punk. Por agora, confirmaron catro grupos que participarán neste encontro, que serán Punk D'Aldea Manu Kaso Aparte, Filophólicas, Menu da Txusta e O sudor do tractorista, aínda que quedan moitos máis con confirmar.

Arturo Carballeira, un dos organizadores deste evento, di que o nome desta iniciativa xurdiu despois dunha noite zombie en Vigo, cando decidiron estrear o novo local, e "o evento foi crescendo, consolidándose como un dos maiores festivais de punk do noroeste do estado español".

**PRÓXIMO EVENTO.** O vindeiro 9 de marzo a sala Buril de Sarria acollerá un novo concerto, neste caso de Guadaña xunto con José Rubio.

Guadaña é unha banda fundada por Salva Sánchez e Glory Romero tras a disolución de Huma e a súa música vai desde o Heavy ata o Core, pasando polo Speed ou o metal. Pola súa parte, Jose Rubio é un guitarrista de rock que formou parte de bandas, pero agora vai por libre, polo que actuará con Guadaña. As persoas interesadas en acudir a esta cita poderán facelo e desfrutar da música rock destes dous grupos a partir das 21.00 horas.

## Os socialistas de Sarria denuncian os delitos do caso do matadoiro

O PSOE de Sarria denuncia polo penal os delitos do caso do matadoiro co fin de investigar se houbo falsidade, prevaricación, fraude ou malversación dos fondos económicos.

Así, Benjamín Escontrela, Diego López e José Manuel López din que toman esta medida debido a que a comisión de investigación sobre o matadoiro non deu resultado ante a falta de resposta das persoas implicadas.

Desta maneira, levando o asunto ao ámbito penal, queren "depurar responsabilidades penais tanto das persoas que se apropiaron dos fondos, como das autoridades que permitiron esta situación", explican, co fin de recuperar os fondos para o erario público de Sarria.

**PP.** Pola súa parte, os concelleiros do Grupo Municipal do PP de Sarria queren saber se o Goberno local deu traslado á Fiscalía dos informes técnicos sobre a recadación da taxa polos servizos do matadoiro municipal, tal e como se acordou a finais de xaneiro na última sesión da comisión de investigación sobre a súa situación económica.

A portavoz, Carmen José López, explica que "non nos consta que enviaran os informes á Fiscalía" e considera que "despois de que o Goberno local se negara a dar explicacións na comisión de investigación por terse descuberto un burato de máis de 200.000 euros nas contas do matadoiro, o menos que pode facer agora é cumprir co acordo de dar traslado dos informes á Fiscalía. De



feito, xa avogaba en novembro por enviar o caso á Fiscalía e ao Tribunal de Contas, pero non o fixera".

Os populares inciden en que "o Goberno local ten que dar explicacións e asumir responsabilidades políticas, sen prexuízo de elevar a outras instancias as irregularidades na xestión económica do matadoiro municipal de Sarria".

Así, o Grupo Municipal Popular solicitou información e documentación sobre a cuestión e o cumprimento do acordo adoptado pola Comisión de Investigación, así como a copia de documentación remitida pola Fiscalía e das actuacións ou dilixencias levadas a cabo por esta das que tivera constancia o Concello co fin de "poñer luz" sobre un asunto que "denota a falta de rigorosidade do goberno local á hora de xestionar o Concello de Sarria" e sobre o que "os veciños e veciñas están pendentes e queren saber", conclúen o Partido Popular.

### PREFABRICADOS Y HIERROS TOURÓN

- Montaje de naves ganaderas en general
- Estructuras
- Cerchas y pórticos
- Cubiertas de naves en uralitas y panel sandwich
- Taller de ferralla
- Cubículos de hormigón prefabricados



NUEVO SERVICIO: PLANTA DE HORMIGÓN



Móvil: 692 946 694

629 817 933

comercial@hormigonesartai.com

Prefabricados y Hierros  
**TOURON, S.L.**

Vilar de Sarria, 34  
27614 Sarria - Lugo  
Tel.: 982 530 469 - Fax: 982 535 501  
Móvil: 629 802 700 - 629 817 933  
email: hierrostouron@gmail.com

# “Queremos ofrecer cousas alternativas á veciñanza”

Nacho, membro da Asociación Que Facemos, promove a música electrónica e alternativa en Galicia e sobre todo en Sarria

## Como xorde esta asociación?

Esta asociación naceu en 2015 como una entidade centrada na música electrónica de Sarria, organizando eventos e como resposta á comercialización que había da música no panorama nocturno, queríamos ofrecer algo alternativo sen rexistros económicos. Nunca tivemos intención de gañar diñeiro, era todo aberto ao público e intentabamos explorar diferentes estilos musicais e vangardistas. Apostabamos pola música electrónica, pero tamén organizabamos lecturas de poesía, sorteamos libros...

## Que tipo actividades facían?

Sobre todo, organizabamos eventos nocturnos e algunha cousa de día, por exemplo para recadar fondos, pero sempre intentamos facer cousas xirando arredor da música, con DJ e actuacións en directo. Fixemos este tipo de eventos por todo Sarria: no antigo Bosque, no antigo Planeta, no Zone, no Meigallo, no Casino, fixemos en Ourense tamén en varios sitios... En 2016, ademais, organizamos un festival chamado 'Que Facemos Fest', e colaboramos no Esmorga Fest e estes anos co Ribela Love and Nature. A nosa motivación non era económica, pero ás veces non era todo gratis, xa que tiñamos a necesidade de facer cousas diferentes, promovendo a festa e a música.

## Por que sempre coa música?

Era o que víamos como carencia en Sarria. Non había ningunha proposta de música electrónica. Eu chegara de estudar en Bilbao e non sabía que facer. Se non faciamos algo nós coa música, estabamos

fastidiados. Queríamos ofrecer a nós mesmos unha alternativa que nos gustase a nós e aos demais.

## Competiades coa ACD O Buri!

O plantexamento é moi similar, pero son máis membros e están ben financiados. Aquí somos 4 socios e punto, e ademais O Buri é máis de estilo punk e rock, entón non nos pisamos nin somos competencia. De feito, Sarria o bo que ten -e que parece que se perdeu- e que había moitas alternativas de música. O Planeta sempre foi unha referencia en música alternativa. De rock había O Peaje, o Xarope... Hai moitas variedades e non teñen por que pelexar entre elas, porque son tipos de música diferentes e con públicos diferentes. Ademais, son diferentes ao tipo de música que se escoita hoxe, como o reggaeton, los 40, o pop...

## Como é a Asociación na actualidade?

Despois de comezar en 2015 paramos no 2020 por mor da Covid e volvemos agora, que xa non imos

facen eventos de música electrónica, estamos mirando de facer cousas co Ribela, Sábado no Xarope... Ademais, xurdiu isto da arte dixital e facer algo, xa que non hai alternativas deste tipo pola zona, só en Madrid. É máis que nada para que a xente vexa un pouco este tipo de arte, xa que hai moitos artistas que están moi interesados e ven novas formas de concibir a arte e poder vivir dela. Isto pode proporcionar plataformas e visibilidade con alcance para vender as súas obras. Eu, de tanto estar en contacto con artistas, vin que hai un auxe de arte dixital con exhibicións, polo que propuxen a idea de ofrecer este tipo de arte e integralo co que faciamos antes cos eventos musicais. A primeira exposición que fixemos no Vello Cárcere foi unha toma de contacto, pero a idea é mesturar a música coa arte dixital e intentar darlle á forma audiovisual e musical un significado máis artístico. Toda a expresión artística ben utilizada



con coherencia sempre pode axudar á experiencia do asistente.

## Cales son os obxectivos desta nova vertente?

Facémolo por probar. Todo o que facemos coa asociación non ten un fin a longo prazo, facémolo porque nos gusta e queremos probar algo distinto e a ver que sae e que pasa. O que está claro é que antes faciamos propostas arriscadas con público reducido e agora non temos moitas aspiracións, polo que queremos ir vendo, aínda que temos a esperanza de que saia ben. A intención sería expoñer unha colección cada 3 meses e buscar artistas, pero non é moi fácil. Na exposición do Vello Cárcere aliñouse todo perfecto para que xurdira este proxecto. Os artistas teñen

que facer obras pensando exclusivamente nese tema, como as do Vello Cárcere, pensando en todo e require moitas horas de organización, moito traballo, ter ideas de colección e logo é atopar un sitio que vaia ben.

## Por que son importantes estas iniciativas en Sarria?

Nós a verdade é que somos xente que sempre lle tivo cariño á vila e queremos ofrecer cousas alternativas á xente, mostrar un tipo de arte ou un mundo doutra maneira, que igual se non llo ofreceras, non o coñecía. A nós influíunos o que había no Planeta e hai moita xente que está facendo cousas e que nos toma como exemplo, todo realiméntase. Ti vas por Sarria e falas da música e hai moita efervescencia, e seguir ofrecendo alternativas para nós e para xente parécenos importante. É vital ofrecer alternativas culturais en sitios pequenos e estas requiren de continuidade e que o público mostre un mínimo de apoio. Tivemos épocas que faciamos cousas cada 15 días, pero necesitamos que a xente veña. Ademais, non temos ningún apoio institucional, polo que temos o diñeiro reducido. Estamos pensando que en buscar algún apoio institucional porque poderían axudarnos moito e é algo que está aí como posibilidade.



**Tapisa, s.l.**

TU FÁBRICA DE SOFÁS A MEDIDA

¡RETAPIZAMOS TU VIEJO SOFÁ!

982 533 165  
646 599 185

Crta. Comarcal 546, km 21 Sarria



**Pontenova**  
mesón restaurante

Amplia terraza de verano  
Servicio de catering  
Comida casera  
Especialidad en carnes a la parrilla y caza

Tel.: 982 546 003

Catering\_meson\_a\_pontenova  
 Meson pontenova

**RIO LOYO**  
Restaurante




982 535 334  
697 491 756  
Calvo Sotelo, 124  
27600 SARRIA  
(Lugo)

**A Pulperia Do Luis**

**Mesón Castro**

Domingo noche / lunes cerrado  
Amplia terraza de verano  
Comida para llevar

Reservas  
Cimo de Agra, s/n · Sarria / Telf. 982 041 697



**HOTEL A VEIGA**

Calle Compostela 61  
Samos - Lugo  
Reservas: 982 546 052  
[www.hotelaveiga.es](http://www.hotelaveiga.es)

- PRODUCTOS ECOLÓGICOS, HUERTO PROPIO
- TERNERA GALLEGA SUPREMA
- ASADOS EN HORNO DE LEÑA
- ESPECIALIDAD EN CARNES A LA BRASA

RESERVAS:  
Telf. 982 546 063



**A Fervenza**  
CASA GRANDE & RESTAURANTE

Tel.: 982 15 16 10 - [info@fervenza.com](mailto:info@fervenza.com)  
Abiertos todos los días, carta elaborada con productos de proximidad  
Eventos y reuniones

**O MIRALLOS**

Comida Casera  
Cocidos por encargo  
Pollos camperos caseros  
(por encarga)

Mirallos 1, Paradela  
RESERVAS:  
TEL.: 639 010 696

## Carmen José López, portavoz do Grupo Municipal do PP, empezou a formar parte da política local o ano pasado

Carmén José López, portavoz do Grupo Municipal do PP de Sarria, empezou a formar parte da política o ano pasado, en 2023, cando lle propuxeron encabezar a lista popular nas eleccións municipais de maio. “Decidín asumir o reto e é o proxecto máis apaixonante que podía imaxinar, intentar aportar e desenxistar materias pendentes en Sarria, así como poñer en valor todo o potencial e oportunidades que temos”, explica. “Son unha convencida da capacidade da política local para xerar cambios e melloras nos territorios e, consecuentemente, nas vidas da xente que vive neles”.

A pesar de levar un ano en política, López sempre estivo involucrada en movementos sociais nos que cría que podía aportar, principalmente en eidos vinculados ao emprendemento e tamén á igualdade, como na Federación Gallega de Jóvenes Empresarios (AJE Galicia), da que foi presidenta, ou como membro das directivas da Asociación de Autónomos e Pequenas Empresas de Galicia (APE Galicia) e Mulleres Empresarias da Provincia de Lugo (AELU), entre outras.

Con respecto á política local de Sarria, Carmen forma parte desta desde xuño de 2023, cando ela e os seus compañeiros entraron no Concello a favor labor de oposición, un traballo que ven como unha “responsabilidade” na que o principal é levar a cabo unha “fiscalización e control, pero tamén unha importante función propositiva que viñemos demostrando a través das distintas iniciativas que presentamos en todos os plenos con distintas propostas”, explica. “É importante combinar esas dúas perspectivas, a fiscalizadora, co



fin de velar polo interese xeral do municipio, pero tamén deben facerse propostas en positivo”.

Con esta vocación, “propuxemos mocións como a do plan de eliminación de barreiras arquitectónicas nas rúas de Sarria, a construción dun parque cuberto no lugar que agora ocupan as antigas vivendas dos mestres do Colexio Frei Luís de Granada, o Plan integral de Recuperación do parque do Chanto ou a Ruta do Románico de Sarria, entre outras”, detalla a popular.

Por outra parte, sostén que “resulta prioritario tamén ser canalizadores das necesidades das que nos fai partícipes a veciñanza, polo que estamos moi pendentes de intentar levar ao pleno as reivindicacións e propostas que se nos trasladan. Cando un veciño ou veciña nos chama para contarnos unha problemática está depositando a súa confianza no noso papel representativo e interlocutor, e é fundamental para nós corresponder e intentar buscar solucións ao respecto, aínda que sexa dende a postura da oposición”, conclúe.

**AS NECESIDADES.** Segundo Carmen López, hai moitas necesidades, polo que “non é fácil desgranalas nunhas liñas, pero o primordial é que temos que conseguir que o noso territorio sexa

un territorio atractivo para vivir e tamén reivindicar e poñer en valor o noso potencial”, subliña.

Concretamente, di que unha das queixas “que máis escoitamos é a relativa ao estado descochado de moitos espazos, das beirarrúas, do mobiliario urbano, dos parques e, en xeral, do municipio, tanto na zona máis urbana como nas parroquias rurais”.

**“Temos que conseguir que o noso territorio sexa atractivo para vivir e tamén queremos reivindicar e poñer en valor o potencial do municipio de Sarria”**

Vinculada á necesidade de coidar os espazos está tamén a de “potenciar os paseos fluviais e mellorar a contorna dos ríos, facer unha praia fluvial, e levar a cabo o plan de recuperación do Chanto, así como potenciar espazos verdes e de ocio”, aclara.

Por outra banda, desde o Partido Popular botan en falta un plan de turismo que incida na diversifica-

ción do mesmo e na posta en valor do noso patrimonio, “que afortunadamente é moito, da nosa cultura ou da nosa gastronomía como valor para atraer visitantes durante todo o ano”.

Por último, apunta que hai unha necesidade de axilizar e reducir prazos nos trámites ante o Concello, xa que “actualmente temos moitas queixas de solicitudes de licencias que se eternizan e que se alongan durante anos, unha circunstancia que implica que o noso municipio ás veces non resulte atractivo para implantar novas actividades”, indica. E engade que “é necesario lembrar algo que xa reivindicamos en moitas ocasións, que é a necesidade de solo industrial asumible”.

O Partido Popular, neste eido, axuda a mellorar a vida na vila a través da súa “implicación nas problemáticas dos veciños e trasladando as necesidades aos plenos do Concello en forma de mocións, que “quedaron nun caixón inmediatamente despois de aprobarse”, critica. En calquera caso, explica, “seguiremos propoñendo e recordando a necesidade de que se cumpran e, por suposto, trasladando as necesidades da veciñanza, é a nosa obriga e tamén o noso propósito prioritario”.

**A POLÍTICA NO PERSOAL.** Para a popular, o principal sacrificio a nivel persoal que ten formar parte da política local “é o do tempo, xa que cando me implico en algo intento facelo en corpo e alma, e dende logo neste caso con máis motivo”, explica.

“Sempre o dixeran e sigo convencida delo, é o proxecto máis apaixonante no que me embarquei na miña vida e esta sendo unha etapa moi satisfactoria. Estou feliz de ter dado o paso, é unha aprendizaxe constante e recibo o cariño da miña veciñanza todos os días. Iso non ten prezo e compensa con creces todo o esforzo”, valora López. Así, conclúe que “sen dúbida, intentar ser útil e reivindicar o papel e as necesidades do noso territorio, da nosa provincia e, máis particularmente, do noso municipio”.

19 DE MARZO

**CON CARIÑO  
PARA PAPA**

Merca o teu agasallo no Centro Comercial Urbano de Sarria  
**E GAÑA UN VALE DE 200€**  
coas túas compras entre o 6 e o 19 de marzo



## A CHMS recuperará a antiga Ponte Ribeira con case 900.000 euros

A Confederación Hidrográfica do Miño-Sil ou CHMS dedicará 872.297 euros para recuperar a antiga Ponte Ribeira de Sarria grazas a un convenio co Concello sarriao.

Os traballos para levar a cabo estes labores consistirán na posta en valor e consolidación da ponte a partir dos restos da súa fabricación, incluíndo a reparación dos danos, a retirada de engadidos que alteraron a súa forma orixinal e repoñer elementos con materiais contemporáneos.

Así, todo isto deberá acometerlo a Confederación Hidrográfica



do Miño-Sil nun prazo de oito meses, retirando neste tempo a actual ponte metálica que se

puxo en 2022 de forma provisional e abrir por fin a ponte que leva oito anos neste estado.

## Ampla programación cultural para o mes de marzo no concello de Sarria

O Concello de Sarria vén de presentar a súa programación cultural para o mes de marzo, na que se inclúen dúas exposicións, a de Expocuir, de Zoe Vixión, ata o 31 de marzo na Casa da Cultura; e a de Anhelos, do 4 ao 20 de marzo na Antiga prisión preventiva e actual oficina municipal de turismo.

Ademais das exposicións, a vila sarriá acollerá diferentes espectáculos familiares, como o do sábado 2 de marzo na Casa da Cultura María Pita Conversas cunha heroína ou a proxección da película Nomaland ás 20.00 horas.

Xa o 7 de marzo ás 19.30 horas terá lugar Fíos de poesía: recital aberto de autoras no marco do Día da Muller, que se celebra o día 8 de marzo coa lectura do manifesto polo Día Internacional da Muller. O



9 tamén haberá unha actividade en feminino, co obradoiro de Arte Colaborativa 8M e a VII Carreira da Muller Vivas e Iguais; e o domingo 10 rematarán as actividades feministas cun concerto pola muller da man da Banda Comarcal, Nerea Iglesias e Olalla Losada.

Para a segunda metade do mes,

haberá unha presentación do libro Los zapatos del lobo, de Sonia Arias e o día 16 celebrarase a IX Xuntanza de Palilleiras de Sarria así como terá lugar a VIII Estremonía Cantada Cantos de Taberna.

Con respecto ás proxeccións de filmes, o propio sábado proxectarase a película 'Encanto' e o domingo 17 ás 20.00 horas os veciños poderán desfrutar da película 'El año que dejamos de jugar'.

Con respecto aos últimos eventos do mes, o xoves 21 terá lugar o Día da Poesía Eduardo Rey Moure, o día 23 celebrarase a Biblioteca aberta dentro do aniversario Xarope resiste, o 24 Tarabela Teatro representará 'Boa sorte, mala fama'; e o 26 rematará a programación co espectáculo familiar 'Valente e rebelde', con Trémola Teatro.



## Familias do Ceip Frei Luís piden un espazo de recreo para os nenos

As familias do alumnado de 5 anos do Ceip Frei Luís de Granada esixen a construción dunha zona cuberta máis ampla no patio escolar para acoller os seus nenos, xa que non caben cando chove, polo que quedan dentro das aulas.

Este asunto xa foi tratado no Consello Escolar no curso 2021-2022 e elaborouse un escrito destinado á dirección do centro ao ano seguinte, pero, en vista de non haber cambios, volveron manter unha reunión o pasado 24 de outubro, na que se lles dixo ás familias que non se podía facer esa obra, xa que Patrimonio non deu permiso.

Así, o 15 de novembro procederon a presentar un escrito no servizo territorial de Inspección no que se pedía unha solución "digna, saudable e non discriminatoria", xa que os nenos de 5 anos quedan dentro das aulas por non caber xunto cos demais nenos e nenas de infantil e non poden

usar o ximnasio por considerarse "aulas de traballo".

Segundo as familias, hai que "priorizar o benestar dos menores, xa que o recreo é un tempo necesario polos seus beneficios físicos, psicolóxicos, emocionais e sociais", polo que presentaron agora na Xefatura de Educación en Lugo outro escrito pedindo de novo un espazo cuberto no patio para os seus pequenos.

Desta maneira, as familias de Educación Infantil do Ceip Frei Luís de Granada de Sarria demandan "un lecer digno que redunde no seu benestar" e piden que o centro deixe de "dar argumentos falsos, contraditorios e incongruentes como que os ximnasios son espazos didácticos e como tal non poden usarse durante o recreo, xa que a aula na que o alumnado de infantil pasa os recreos durante os días de chuvia tamén son un espazo didáctico, pero os espazos distribúense atendendo ao benestar dos nenos, "eles deben ser a prioridade".

**MARMOLES VILARIO**

### ESPECIALISTAS EN

- PIEDRA NATURAL
- PORCELÁNICOS Y CUARZOS
- ENCIMERAS DE VANGUARDIA
- GRABACIONES EN PIEDRA
- MOLDURADOS

\*De las más prestigiosas marcas del mercado

Políg. Ind. Balmao - Betote, S/N  
27617 - Sarria (Lugo)

Tel. 982 532 577 - Fax 982 532 577

marmolesvilario@hotmail.com

www.marmolesvilario.com

**REVESTIMIENTOS FONTAL**

INTERIORES Y EXTERIORES EN YESO, MORTERO Y MONOCAPA • PLADUR Y REFORMAS

Plaza de Galicia, 6-8 SARRIA (Lugo)  
Tel.: 982 532 571 / Móvil: 629 924 572

# “A arte de palillear é como unha terapia para a mente”

A Asociación de Palilleiras Camiño de Santiago de Sarria organiza o vindeiro 16 de marzo a Xuntanza de Palilleiras e Labores Artesanais Vila de Sarria

## Como e cando nace a asociación?

A asociación formouse no ano 2003 porque por aquel entón había algunhas mulleres ás que lles gustaba facer encaixe de palillos, pero non había onde ir facelo xuntas, polo que decidiron formar a asociación. Ao principio había 32 palilleiras e agora somos menos, 17, porque se vai perdendo. A xente nova ten que traballar e é complicado. Durante a vida desta asociación tivemos nenos, pero cando empezan o instituto teñen que deixalo porque leva moito tempo. Tamén houbo persoas de arredor da comarca, de Samos e do Incio, pero agora son vellas e non veñen ata aquí.

## Con que obxectivo xorde?

O obxectivo era darnos a coñecer e mostrar os traballos que se fan. Antes non había xuntanzas e formacións de persoas que fixeran encaixe de palillos, entón nacemos nós na contorna para facer isto, porque eramos as únicas. Nas nosas reunións, que son todos os xoves de 17.00 a 20.00 horas, facemos encaixe de sabas, puntillas de toallas, tapetes de todo tipo, chales, encaixe de vestidos e camisas, bolsos de voda e de día a día, xoias, pendentes, broches, pulseiras... facemos de todo. Non vendemos nada, todo o que facemos é para nós, para agasallar a alguén ou para facer exposicións en vitrinas e taboleiros.

## Que actividades se fan?

Ademais das reunións semanais, facendo exposicións de vez en cando no vello cárcere de Sarria e tamén durante a Feira dos Anticuarios da vila. Ademais, ás veces, organizamos cursos, por exemplo un que fixemos

de cestería ou outro de costura, porque cremos que interesa á xente. Organizamos cousas que van xurdindo porque estamos abertas a todo. E logo está a Xuntanza de Palilleiras e Labores Artesanais Vila de Sarria.

## Como xurdiu promover a Xuntanza?

Como non había na contorna ningunha xuntanza deste tipo e apetecíanos que viñera xente a Sarria, que é moi coñecida e á xente encántalle vir, pensamos que podíamos facer unha xuntanza en Sarria de palilleiras e empezamos a organizar. Deu moito traballo cando comezamos en 2011,

que coide do pavillón para vixiar, e tamén organizan unha actuación de música rexional para amenizar. Ademais, tanto o Concello, como os comercios de Sarria como a Deputación de Lugo nos cede agasallos para sortear durante o desenvolvemento do evento. Este ano comeza todo o 16 de marzo a partir das 10.00 horas coa recepción e a presentación, protagonizada por alguén do Concello para dar a benvida ás palilleiras. Xa ás 11.30 empezarán a palillar as mulleres e homes que veñan de todas as partes de Galicia e de fóra, como



e agora fomos incorporando cousas novas, pero coa axuda do Concello podemos afrontalo, xa que se non era imposible. Cedeunos o pavillón, que ao principio se celebraba no do Chanto e agora este ano imos facelo no dos institutos; tamén nos ceden as mesas, os taboleiros, unha persoa

de Asturias, así como virán persoas con negocios relacionados co sector, como mercerías e tendas especializadas en varas de abanicos ou profesionais do palillo. Despois, de 14.00 a 16.00 imos xantar, e de 16.00 a 19.00 volveremos palillar e será o sorteo de agasallos. Tamén virá un grupo para



animar e haberá unha exposición de encaixe feita por nós.

## Están ilusionadas ao recuperar esta festa despois de catro anos?

Estamos moi ilusionadas de recuperar esta festa para seguir dándonos a coñecer e ensinar o que facemos. Esperamos que veña moita xente e

gusta moito; xa nos preguntaron por que non a fixeramos estes anos. Esperamos unha afluencia de arredor de 300 palilleiras, que virán acompañadas dos seus familiares e amigos, polo que cremos que en total se xuntarán arredor de 500 persoas.

## Que beneficios ten o arte de palillar?

Todas os traballos manuais e toda a artesanía para a cabeza son fundamentais e hai xente moi maior, de 80 anos, que lles ven xenial fisicamente para as mans. Ademais, facer o traballo de desprazarte, axeitarte, pensar... porque o labor necesita que penses e ademais e estás entretido, falas coa xente... É como unha terapia: estás enfadado e pásache, estás aburrido e poste contento. Eu véxoo marabilloso para entreter, para a memoria, sobre todo para o día o día da xente maior. E tamén é moi relaxante porque pasan as horas e estás dándolle aí.

## Son importantes estas iniciativas para Sarria? Por que?

É importante porque é unha actividade que non hai nin en Sarria nin arredores e cobre un oco dentro das actividades culturais e artesanais da vila, como o fan outras. Ademais, como comentaba antes, ao ser unha poboación envellecida, é bo para o seu desenvolvemento tanto físico como mental.





**TERNERA PAÍS RUBIA GALLEGA**

- Calidad Suprema •
- Tradición y Sabor •
- Cría tradicional •

**DIEGO PAZOS 91 BAJO, 27600 SARRIA**  
**TFNO.: 689 412 953 - 982 533 052**



**SONDEOS CORDERO**  
Especialistas en pozos de barrena

Más de 30 años de experiencia trabajando en la comarca de Sarria

- Distintos diámetros de perforación desde 125 mm hasta 200.
- Electrobombas solares y eléctricas.
- Hacemos pozos dependiendo de las necesidades de cada cliente.

**¡PIDANOS PRESUPUESTO SIN COMPROMISO!**

Tfno.: 629 070 720  
Triacastela Lugo



# “No Bar Cubano temos un trato próximo e agradable co cliente”

Nico e Noel López Fernández, e Bruna, son os encargados da cafetería Bar Cubano de Sarria

Noel e Nicolás, de 36 e 24 anos de idade, son os dous irmáns que rexentan o Bar Cubano de Sarria xuntamente coa muller de Noel, Bruna; collendo o relevo dos seus proxenitores, que decidiron poñer en marcha este local hostaleiro hai case 40 anos.

“A cafetería Bar Cubano nace no ano 1986 pola motivación e desexo dos nosos avós, que abriron este local na rúa Matías López nº 100”. Daquela, eles puxeron en marcha este negocio familiar nunha casa que tiña un baixo que era un garaxe de camiós e coches, e que agora renovaron.

“Ao principio era un bar de partidas, e púxose en marcha para fomentar o movemento de cafés de almorzos de camioneiros, traballadores e xente de paso, xa que a nosa nai, Julia, abría ás 04.00 horas. Despois, pasaron a dar pinchos e comida fría e logo foi evolucionando ata agora, que damos tapas e racións”. Así, son referentes polas súas tostas e almorzos americanos con ovos revoltos ou á prancha, aínda que tamén serven hamburguesas, racións de comida; “un pouco de todo”.

Por outra banda, destacan que a carta “está baseada maiormente en experiencias de viaxes e probas que fixemos, intentando innovar con produtos novos fóra do habitual e non copiar de pratos que se vexan a miúdo na vila”, sosteñen.

**O CAFÉ, A ESPECIALIDADE.** Porén, remarcan que o que ten máis éxito do seu negocio é o café “pola súa calidade e elaboración”, así como as racións “pola súa variedade, xa que

o cliente pode elixir case calquera cousa”, explican. Destacan, ademais, que “sempre fomos referente no sector do café, pero cando os nosos pais nos deixaron o negocio en 2013, decidimos potenciar máis o sector, investigando en como facer debuxos no café e escoller unha boa gama”, sosteñen.

Por este amor polo sector, Noel aprendeu todo o que puido sobre o sector do café e incluso participou en torneos nacionais de latte art, nos que destacou notablemente, levando así os seus coñecementos ao Bar Cubano.

Por outra banda, como negocio presentáronse ao concurso de tapas da vila, o Tapicheo de Sarria “porque xurdiu a idea e nos animamos a ver que pasaba”, explican; así como este ano formaron parte dos organizadores da cea anual do sector da hostalería da comarca de Sarria.

**O TRABALLO DIARIO.** O día a día no Bar Cubano é bastante dinámico, xa que lles gusta facer cousas “fóra do



común” e por iso cando comezaron daban cada xoves unha tapa de autor elaborada para os clientes. Porén, despois da reforma “e coa cantidade de xente que temos todos os días, deixamos de facela porque nos dá moito traballo”, explican. Pero destacan, como aspectos positivos, o trato próximo e agradable que levan a cabo cos clientes, fomentando a fidelidade e que queden satisfeitos. Por outra parte, acollen comidas e ceas diarias, pero non aceptan reservas e, polo tanto, non organizan aniversarios nin celebracións; aínda que si colaboran con outros eventos que se fan na vila, como a cea anual de hostalería, a verbena que tivo lugar no Meigallo, fixeron os pinchos no

Garaxe en novembro e outras propostas gastronómicas e actividades promovidas por outros establecementos.

Con respecto aos clientes do bar, estes están encantados co servizo que se fai desde o Bar Cubano, xa que, como se pode apreciar nas valoracións que fan nas redes sociais e en Internet, tanto as instalacións como a comida son do agrado de todo tipo de consumidores.

Por exemplo, José Rodríguez, cliente do local, asegurou que “os rapaces eran encantadores e a restauración espectacular”. Tamén falou do latte art, sostendo que “os debuxiños alegraban a vista e daba pena estragalos coa culler”. Mentres, Manuel Ponce, outro cliente, asegurou que “dos lugares nos que comemos durante a nosa travesía polo Camiño de Santiago, este foi o mellor, tanto pola comida como por parte dos camareiros, que foron moi atentos”, comentou.

En definitiva, desde o Bar Cubano sosteñen que se esforzan por ofrecer aos seus clientes un “ambiente agradable, unha comida deliciosa e un servizo excelente”, xa que “os nosos camareiros ofrecen o mellor a todas as persoas que se achegan ao noso local”, conclúen.



## O Entroido queda aprazado sen data

O Entroido de Sarria 2024 cancelouse por mor das previsións metereolóxicas do pasado domingo, 25 de febreiro, que indicaban ventos e chuvias durante toda a tarde, impedindo o desenvolvemento axeitado do desfile de disfraces.

Así, o Entroido sarriao, que xa se ía desenvolver o pasado 11 de febreiro e que foi aprazado polas mesmas causas ao domingo 25, terá que esperar a unha nova data que establecerá o Goberno local.

O día que se celebre haberá a mesma programación, incluíndo desfile de disfraces, a música para amenizar o día con dj-Tibu e entrega de premios.

## Cancelada a Festa do Cocido Porco Celta da comarca de Sarria

A Festa do Cocido do Porco Celta da comarca de Sarria, que se ía celebrar os días 2 e 3 de marzo, cancelase por parte da Asociación de Hostaleiros e o Concello, que decidiron facer un cocido multitudinario en 2025.

Esta decisión foi tomada despois de varias reunións, nas que se decidiu que era mellor recuperar a actividade que se facía antes de pandemia, xuntando a máis de 700 persoas no campo da feira, en vez de facelo como se fai desde 2021, nos propios locais de hostalería.

Así, din que organizárase mellor e con tempo para poder implicarse o máximo posible e celebrar unha gran festa, “collendo impulso e retomando no 2025 para facelo brillar de novo en todo o seu esplendor”, defendeu a concelleira de Festas, Geni Valcárcel.

¿TIENES TU APARTAMENTO / PISO PARADO GENERÁNDOTE GASTOS?\*

\*SOLO SARRIA (CASCO URBANO)

¡SÁCALE RENTABILIDAD YA A TU PISO!!!

**TOURIST HOME**  
GESTIÓN DE PISOS TURÍSTICOS  
Tfno: 650 082 298

**GESTIONAMOS TU PISO A LA CARTA**  
NOS ENCARGAMOS DE TODO

- Promoción en Internet
- Limpieza general
- Lavandería
- Sólidas referencias

**INFÓRMATE SIN COMPROMISO**

**maderas grandas**

MADERAS Y DERIVADOS  
PUERTAS  
ARMARIOS  
COCINAS Y COMPLEMENTOS  
TABLEROS Y TARIMAS

San Julián de la Vega s/n, 27614 SARRIA (Lugo)  
Tel. 982 533 505 - Fax 982 531 731  
www.maderasgrandas.com | info@maderasgrandas.com

# “Sarria foi o motivo polo que me interesei polo Camiño”

O escritor e xornalista, Manuel Rodríguez Fernández, nado en Barbadelo, é unha das persoas que máis coñece e analiza o Camiño de Santiago

Manuel Rodríguez Fernández, que sempre firmou como Manuel F. Rodríguez e así o coñecen, é de Sarria, concretamente de Barbadelo, onde pasou toda a súa infancia ata que marchou a Santiago de Compostela a estudar xornalismo.

Despois de traballar en varios medios de comunicación, no ano 1993 propuxéronlle levar a comunicación do Xacobeo 93 e seguiu nese ámbito o resto da súa vida ata que se retirou, hai ben pouco, xa que dende ben pequeno xa tivo interese por todo o relacionado co Camiño de Santiago.

“Empecei a investigar sobre temas do Camiño de Santiago porque no ano 1976 fixen o Camiño de Santiago desde Sarria a Santiago cun grupo de amigos, sendo pioneiros en facer o Camiño. Xa coñeciamos o Camiño e sabiamos que pasaban peregrinos e iso activounos a mentalidade adolescente. De aí parte o meu interese polo Camiño de Santiago e logo cando empezo a traballar no Xacobeo tomeino como un tema laboral, pero tamén como un complemento ao meu interese persoal, polo que motivou a empezar a investigar e escribir sobre o tema”, explica.

Manuel Rodríguez escribiu arredor de 500 documentos relacionados co Camiño de Santiago, como artigos, un libro sobre os anos santos composteláns (Los años santos compostelanos del siglo XX. Crónica de un renacimiento), guías do Camiño (Os Camiños de Santiago en Galicia) e desde A Coruña a Santiago (A Coruña, el puerto del Camino de Santiago. Guía para los peregrinos)... Pero do que máis orgulloso se sente é dunha obra que é a gran enciclopedia do Camiño de Santiago (Gran Enci-

clopedia del Camino de Santiago. Diccionario de la cultura jacobea) e que conta con 3.000 entradas. “Publicouse en 10 tomos en 2010 e isto deu lugar á Xacopedia na web de Turismo de Galicia, pero agora está sen actualizar desde 2009, sen mellorar e sen ampliar, e estou loitando por actualizala”, sostén o escritor.

**A CRUZ DE ALFONSO III.** Ademais de xornalista, Manuel Rodríguez vén de converterse nun escritor de novela de ficción despois de publicar a súa obra El viaje al fin del mundo. Los buscadores que, tal como explica, xa se publicara en galego en 2016 baixo o nome de ‘A viaxe á fin de mundo’, con moi bos resultados, pero quixo

de Santiago. Esta cruz asturiana que non posuía a imaxe de Cristo, estaba nun retablo na Capela das Reliquias da Catedral de Santiago de Compostela no ano 1906 despois de ser case destruída por moitos, segundo conta a historia. Así, cóntase que a cruz era de orixe medieval e que estaba recuberta orde pedras preciosas e ouro, pero foi perdendo todo ata que a puxeron na Capela da Catedral de Santiago, sendo adorada polos peregrinos que chegaban.

A novela está protagonizada por un xornalista que investiga este suceso do ano 1906 “porque eu sei como traballa un xornalista, non sei como é o traballo dun detective”, explica Manuel Rodríguez, e “ten moito con-



publicala tamén en castelán para “chegar a máis xente e porque unha editorial de Madrid mo pediu e fun eu traducindo e adaptando todo pouco a pouco e ata agora”, comenta. Esta novela trata do roubo da cruz de Alfonso III, un misterio que descubriu tras investigar moito sobre todo o relacionado co Camiño

tido, con varias personaxes entrelazadas en tres tomos diferentes e con tramas e subtramas”.

Concretamente, a novela céntrase no roubo da cruz do ano 1906, relaciona este suceso cun acaecido no ano 1921 no que arde completamente o retablo onde estaba a cruz, e un terceiro momento en 2006,



momento no que o propio escritor descubriu esta historia e quixo escribir dela, pero pasou o tempo e deixouno pasar. Así, a trama da novela dura un século e na mesma presentanse arquetipos de personaxes de peregrinos de Santiago, así como confraternidades que tiñan unha unión mística co Camiño. Ademais, a historia tamén ten tres localizacións principais: Santiago, Fisterra e Vila-garcía de Arousa.

A novela xa foi presentada en diferentes localizacións, como Madrid, Sarria, Cee, Fisterra, Burgos, Lalín... e cre que as iniciativas de presentacións de libros e clubs de lectura son interesantes porque “axudan a coñecer”, sostén.

**SARRIA COMO INSPIRACIÓN.** Segundo Manuel Rodríguez, Sarria foi o motivo polo que se interesou por facer o Camiño de Santiago, xa que o fixeron desde Sarria e sempre lle interesou e lle chamou a atención que pasaran peregrinos de todas as partes do mundo pola súa vila desde a idade Media. Ademais, xusto antes de facer esa peregrinación xa lera o primeiro libro sobre o Camiño, publicado no 1965 O Camiño de Santiago pola provincia de Lugo.

Por outra parte, explica que “teño unha relación moi intensa con Jorge, da Asociación de Amigos do

Camiño de Sarria, e foron eles quen xestionaron todo para a presentación do libro en Sarria. Eu sempre estiven moi vinculado a eles porque colaboran intensamente con todo o vinculado á comarca de Sarria en materia de Camiño de Santiago”. Así, en 2008 recibiu o premio a Padriño de honra da Asociación de Amigos do Camiño de Santiago na Comarca de Sarria.

Con respecto aos proxectos futuros, di que despois do verán sacará outra novela neste caso tamén sobre un xornalista “ao que lle pasan cousas estrañas e que el mesmo se pon a investigar esas cousas que lle pasan e acaba resolvendo, é unha novela que mestura misterio, thriller, de relacións co máis alá, por ese mundo tan galego”, explica.

Pero o que é seguro para Rodríguez é que seguirá investigando e escribindo sobre o Camiño de Santiago e todo o que ten que ver con el, co fin de seguir promovendo a cultura e o coñecemento da historia, o que lle deu tamén a posibilidade de gañar o VI Premio Internacional Aymeric Picaud á Divulgación do Camiño de Santiago, concedido por unanimidade pola Liga Española de Asociacións de Prensa do Camiño de Santiago pola súa traxectoria a favor da difusión da ruta xacobea en 2019.

**AGENDA CULTURAL DE GALICIA**

Conciertos  
Ferias • Festivales  
Fiestas • Infantil  
Humor • Gastronomía  
Teatro • Cine...

¡NO DIGAS QUE NO LO SABÍAS!

**OCIO EN GALICIA**  
www.ocioengalicia.com

## Pablo Rivera critica o estado da estrada de Becerreá a Sarria

A estrada autonómica LU-636 que comunica os concellos de Becerreá e Sarria atópase nun "pésimo estado", manifestou o deputado provincial Pablo Rivera, que, xunto a voceira do PSdeG nas Nogais, Sonia Fernández, que denunciaron que "a inacción e incompetencia" dos gobernos de Feijóo e Rueda destes últimos 15 anos en materia de infraestruturas na provincia de Lugo "ten efectos desastrosos" como a situación da LU-636.

"Teñen paralizadas todas as obras que son estratéxicas para o desenvolvemento social e económico da nosa provincia, pero ademais nin se ocupan de conservar, manter e mellorar as xa existentes, como é a LU-636", que presenta múltiples problemas no pavimento, curvas cerradas e sen quitamedos, o



que provoca un "un gran risco de accidentes" para os numerosos condutores que utilizan a vía, vertebradora desta parte da provincia, e que supón o enlace entre a comarca de Sarria e a A-6, subliñou Pablo Rivera.

"Desgraciadamente, en vez de ter a varios alcaldes da contorna

defendendo o rural e os intereses dos veciños, e solicitando á Xunta que arranxe de maneira inminente esta estrada, que está nun estado lamentable, atópanse en manifestacións en contra do Partido Socialista, mentres o PP no Goberno galego "ten totalmente abandonada A Montaña".

## Xa están dispoñibles varios cursos en liña sobre o Camiño

O Concello de Sarria vén de informar que xa están dispoñibles unha serie de cursos en liña adaptados ás necesidades do século XXI. Estes están dispoñibles na web de turismo municipal. Así o primeiro deles será o de Sensibilización en igualdade de oportunidades, seguirá en abril o de Atención ao cliente con especiais dificultades; en maio será a quenda de Prevención e resolución de conflitos; en xuño tocarán Habilidades persoais e Habilidades sociais; en xullo Habilidades laborais e Habilidades comunicativas; e en setembro será o de Xestión do tempo.

"É unha gran oportunidade para mellorar e complementar a formación", din dende o Goberno local.



**MILLA URBANA.** Carla Díaz e Jarno Pousada, gañadores da Milla Urbana de Sarria que tivo lugar o pasado 31 de decembro na vila, foron recibidos na Casa Consistorial polo alcalde, Claudio Garrido, e os concelleiros, Félix Seijas e Geni Valcárcel. Así, o rexedor felicitou aos gañadores en categoría masculina e feminina e os concelleiros foron os que fixeron a entrega dos premios, que consistiron en produtos cárnicos porcinos sarriaos en valor do peso de cada un. Tras a entrega dos premios, o equipo de Goberno local desexoulles "moitos éxitos no seu prometedor futuro deportivo" e os gañadores marcharon para casa con moitos produtos de consumo local.

## Sarria contará cun educador social para atender ao municipio



A Consellería de Política Social e Xuventude vén de concederlle ao Concello de Sarria unha subvención no marco do programa Educando sen fronteiras, cun valor de 53.955 euros, repartidos en dous anos para poder contratar un educador social para o Concello. Así, no 2024 recibirá 42.312 euros e no 2025 serán 11.643 euros. Isabel Vergara, concelleira de Igualdade, Servizos Sociais, Emprego, Emprendemento e Saúde de Sarria explica que a persoa elixida para desenvolver este traballo, realizará funcións de mediación social, cultural e educativa. Ademais, ese educador ou educadora social traballará nunha aula habilitada no Ceip Frei Luís de Granada, podendo realizar o seu traballo tanto neste centro educativo como tamén na Escola Infantil Xela Arias, no colexio do Oural e nos IES Gregorio Fernández e no Xograr. Esta é a primeira ocasión que o Concello sarriaio contará coa figura do educador social, e

tralo procedemento de selección, o nome da persoa escollida farase público na sede do Concello a comezos do mes de abril.

**EDUCADOR SOCIAL.** Desta maneira, a persoa profesional encargada destes labores reforzará a integración do alumnado e a convivencia entre o alumnado e familiares, detectando e previndo factores de risco, detectar necesidades educativas e sociais para evitar que supoñan desaxustes sociofamiliares, promovendo a igualdade de oportunidades entre os alumnos e alumnas. Por último, esta persoa deberá coordinarse co servizo de conciliación municipal e facer un seguimento dos expedientes derivados ao servizo do menor da Xunta. Así como axudará ás persoas que teñan unha renda de inclusión social (Risga) do Concello de Sarria, intervirá nas familias desfavorecidas do municipio e buscará emprego para persoas en risco de exclusión.



**ESPECIALISTAS EN REFORMAS Y REHABILITACIONES**

- CUBIERTAS DE PIZARRA
- COLOCACIÓN DE PIEDRA
- ESTRUCTURAS DE NAVES
- EXCAVACIONES Y TRANSPORTES
- OBRA NUEVA

LG. VILAMEA, 2 - 27619 SARRIA - TFNO.: 616 212 698 




**ATENCIÓN FAMILIAR**

SOMOS ESPECIALISTAS EN CARNE FRESCA, CO CORTE AO GUSTO DO CLIENTE

DESCUBRE O NOSO EMBUTIDO DE A FONSGRADA

**HORARIOS DE LUNS A SÁBADO**  
Horario continuo de 9:00 a 21:00 h.

**DOMINGOS E FESTIVOS**  
De 10:30 a 14:00 h.

**RÚA DIEGO PAZOS 47, SARRIA**  
[www.facendafarruquino.gal](http://www.facendafarruquino.gal)

# COMARCA

## Comeza unha nova edición do concurso musical Cantalingua



A máis movida, musical e divertida das festas en defensa do galego inicia a súa actividade coa convocatoria do seu concurso máis importante: o Cantalingua. As bandas galegas poderán inscribirse nesta convocatoria que ten como premio unha remuneración de ata 1.300 euros por cada actuación nos centros escolares que participan do Correlingua. O prazo de presentación finaliza o 6 de marzo. No concurso poden participar

bandas e solistas en lingua galega de calquera estilo musical. As cancións deben ser orixinais, e cantadas integramente en galego. A canción deberá presentarse en formato MP3, xunto cunha presentación da banda ou solista e unha fotografía. Todos estes datos pódense enviar ao correo [correlingua@gmail.com](mailto:correlingua@gmail.com). Os gañadores daranse a coñecer desde a web de Correlingua. Os concertos celebraranse no mes de maio.

## A Xunta autoriza os parques eólicos de Paradela e Bretoña

O Diario Oficial de Galicia (DOG) recolleu este luns a autorización administrativa previa da Xunta para a construción do parque eólico Bretoña, situado entre os concellos da Pastoriza, Riotorto e Mondoñedo; así como ao parque Paradela-005, que se proxecta entre Bóveda, O Saviñao, Paradela e Sarria.

O parque eólico Paradela-005 está promovido por Green Capital e ten unha potencia de 23 megawatts. O

investimento previsto supera os 33 millóns de euros e a orde indica que non se prevén efectos significativos de impacto ambiental.

No caso do parque Bretoña, impulsado por Norvento, conta cunha potencia de 3 megawatts, cun orzamento de execución de máis de 2 millóns de euros. Neste caso advírtese que non está previsto que prexudique a explotacións agrícolas, gandeiras, forestais e madeireiras.

## Pornografía e roles de xénero: que está detrás do aumento da violencia sexual?

Por Lucía Blanco

No ano 2016 unha rapaza de 18 anos foi violada por cinco homes nos San Fermíns. No 2021 outra menor foi vítima doutro delito durante a castañada en Igualada. E no 2023 unha nena de 11 anos sufriu unha violación grupal nun centro comercial en Badalona. O que parecen realidades alleas, sucédense e repítense co tempo, tendencia que parecen confirmar as propias cifras. Segundo o último Informe sobre Delitos contra a Liberdade Sexual publicado polo Ministerio de Interior, no 2022 cometéronse 19.013 delitos sexuais, fronte ós 17.016 rexistrados no exercicio anterior.

As agresións sexuais, os abusos, o acoso sexual e outros cibercrimes como o 'grooming' ou a pornovenganza contéplanse dentro do termo violencia sexual. Non obstante, como mantén outro informe encargado polo Ministerio de Interior, "o fenómeno da violencia sexual non se restrinxe nin é equivalente ao de delito sexual". Deste xeito, segundo os autores da análise, no noso país sucédense cada ano 400.000 actos deste tipo, aínda que a maioría non teñan unhas consecuencias penais.

Moitos profesionais poñen o foco na vinculación entre as agresións sexuais e o consumo de pornografía, aínda que se trata dunha relación que non se pode demostrar tal e como defenden dende a Sociedade Galega de Sexoloxía. "Que haxa unha agresión sexual non é un efecto de ver pornografía, non é unha causa efecto nin algo directo, senón que o porno pode influír en que haxa unha violencia e unha agresión. As causas



son moitas, hai tanto compoñentes individuais e subxectivos da persoa como factores sociais", explica Vanessa Rodríguez Pousada, psicóloga sanitaria, sexóloga e vicepresidenta de Sogasex.

**PRIMEIRO CONTACTO.** A idade de iniciación no consumo de material erótico ten moito que ver, xa que moitos nenos, nenas e adolescentes achéganse aos motores de busca para satisfacer a súa curiosidade e normalizan as prácticas e as condutas que atopan neste tipo de contidos. Segundo unha investigación de Save the Children publicada no 2020, a idade media sitúase nos 12 anos. Pero outra das conclusións do estudo, no que contaron coa participación de 1.753 mozos de entre 13 e 17 anos, tampouco deixa indiferente a ninguén: un 93,9% dos enquisados consume pornografía na intimidade. E fano a través do móbil.

"Se nas xeracións anteriores os adolescentes intercambiaban revistas ou películas pornográficas, coa expansión da internet e os smartphones este intercambio é de memes, gif, fotos, enlaces a vídeos ou vídeos completos", recolle a investigación.

O porno convértese nunha porta de acceso á sexualidade, de tal xeito que sen unha educación axeitada existe unha maior exposición a determinadas condutas de risco e entra en xogo unha "posible falta de capacidade da adolescencia para ser crítica coa pornografía e para comprender que o que ve é ficción".

Tan só un clic pode separalos deste tipo de contidos de ficción pensados para adultos, aínda sen estar preparados para entender e assimilar o que na rede atopan. "Debemos intentar que saiban que o que está vendo é unha ficción e que teñan unha visión crítica sobre o que están consumido", engade.



# INVISTE EN PARADELA

**FAI REALIDADE O TEU PROXECTO: VIVEIRO DE EMPRESAS E POLÍGONO INDUSTRIAL.**




**Ti elixes... Comida a domicilio**

**PIZZERIA PAPARAZZI**  
100% ITALIANI

**¡¡OFERTAS ESPECIALES!!**

**-50%** en la segunda pizza familiar

**-25%** en la segunda pizza mediana

**Martes**  
Familiar de Jamón y Bacon  
**8€**

Servicio a domicilio  
Rúa Diego Pazos, 30 - Baixo Sarria  
Tel. 982 012 026

**CAFETERIA Polo**

**SERVICIO A DOMICILIO**  
Tel. 982 530 021

Calvo Sotelo, 12 27600 SARRIA (Lugo)



**... Comida para recoller**

**CERVECERÍA ESPAÑA**

**CERRAMOS LOS MARTES**

¡LO BUENO LO ELIGES TÚ!

DISFRUTE DE NUESTRAS EXQUISITAS RACIONES DE POLLO CRUJIENTE, TIRAS, ALITAS, BROCHETA AL AJO Y PARMESANO, FAJITAS DE POLLO, BURRITOS DE TERNERA, CROQUETAS, EMPANADILLAS, CALAMARES Y CHIPIRONES...

**VARIEDADES DE TOSTAS... COMIDA PARA LLEVAR**

CALLE DIEGO PAZOS 29, BAJO. SARRIA - TEL.: 671 407 060

**CAFETERÍA EL PARISIEN** Comida para levar

Especialidade en raxo, táboas de embutidos e queixos, racións caseiras, hamburguesas premium...

Calvo Sotelo, 180 \* T. 982 530 491 \* SARRIA

**cafe CUBAN bar**

**COMIDA PARA LLEVAR**

**1º PREMIO XV CONCURSO DE TAPAS TAPICHEO '22**

Matías López 100, SARRIA - cafeteriabarcubano@gmail.com  
Tfno.: 982 886 580



## O PROCESO ELECTORAL PARA O GOBERNO AUTONÓMICO

## Galicia e Lugo elixiron ao PP

Obtivo a maioría absoluta con dous escanos menos, o BNG gañou 6 e o PSOE baixou 5 no cómputo global galego

O PP mantén a Presidencia da Xunta de Galicia e revalidou a maioría absoluta da man de Alfonso Rueda para os próximos catro anos ao superar a barreira dos 38 escanos no 18F. O partido perdeu 2 escanos (40), pero consolídase como primeira forza na comunidade e logrou a

súa quinta maioría absoluta consecutiva. O BNG posicionouse como segunda forza e ten 25 escanos, o que supón 6 máis con respecto ás eleccións anteriores. O PSdG baixou 5 e acadou 9, mentres que Democracia Ourensana entra por primeira vez no Parlamento cun deputado.



As urnas tamén dilucidaron os 14 representantes da provincia que estarán no Parlamento galego. Dos 14 deputados, o PP logrou 8, un menos que nos pasados comicios. Logrou ser a primeira forza en todos os concellos agás en tres, Negueira, Ribeira de Piquín e Pedrafita, nos que o PSOE tivo a primeira praza. Estes tres concellos axudaron ao PSOE, que só logrou obter dous deputados pola provincia, seguindo a tendencia xeral dos socialistas en Galicia. Friol volve ser o principal feudo do PP na provincia de Lugo, que obtivo o 73,8 % dos votos, aínda que

destacan tamén outras localidades importantes como Guntín, Baralla, Carballado, Paradela, Portomarín, Begonte e A Pastoriza. Na provincia, o crecemento maior foi o do BNG, que quedou co deputado que perdeu o PP e leva catro representantes á cámara. Foi a segunda lista máis votada en 48 concellos mentres que o PSOE foi a segunda en 16. Moi lonxe quedaban de obter representación Vox e Sumar, e o afundimento en votos foi para Podemos, que recolleu menos votos que Pacma ou Escanos en Branco.

## DEPUTADOS

1. María Elena Candia López (PP)
2. Javier Arias Fouz (PP)
3. Alfonso Villares Bermúdez (PP)
4. Cristina Sanz Arias (PP)
5. José Manuel Mato Díaz (PP)
6. Raquel Arias Rodríguez (PP)
7. José Manuel Balseiro Orol (PP)
8. Enrique Barreiro Sánchez (PP)
1. Olalla Rodil Fernández (BNG)
2. Daniel Castro García (BNG)
3. Montserrat Valcarcel Armesto (BNG)
4. Iago Suárez Fernández (BNG)
1. José Ramón Gómez Besteiro (PSOE)
2. Lara Méndez López (PSOE)



## PP

## Foi a provincia na que tivo maior porcentaxe de voto

Alfonso Rueda valorou os resultados electorais da provincia xunto á cabeza de lista, Elena Candia. Segundo explicou, Lugo obtivo a maior porcentaxe de votos para o PP de Galicia con respecto ás catro provincias: 53,39%, tres puntos e medio máis que Ourense, cerca de seis con A Coruña e nove e medio en relación a Pontevedra.

Tamén destacou que o PP na provincia sume 98.803 votos fronte aos 78.420 papeletas que suman o PSOE e BNG, é dicir, máis de 20.000 votos máis para este proxecto.

O PP é a primeira forza en todos os concellos da provincia, excepto en tres (en 64 dos 67) que se sitúa como segunda forza; tamén hai que destacar que en 48 municipios superaron o 50% dos apoios (en Friol e Guntín superaron o 70%). Nese senso tamén insistiu en que Lugo foi a provincia onde menos medrou o voto do BNG pese a formar parte do goberno tanto da Deputación como do Concello da capital. (Lugo +25,16%; Ourense 25,35%; A Coruña 32,66% e Pontevedra 34,69%).

No caso do municipio de Lugo o Partido Popular foi o concello que obtivo o mellor resultado de Galicia "fomos o partido máis votado nas 125 mesas electorais con 26.794 papeletas; e tamén a forza política que máis aumentou o seu apoio en todos os distritos cun incremento de 4137 votos con respecto ás eleccións de 2020".

O popular tamén subliñou que na capital lucense o PP obtivo 3.366 votos máis que os que acadaron o PSOE e o BNG xuntos. (PP obtivo 26.794 e PSOE+BNG 23.429)".

## PSOE

## Formoso apártase nunha aposta por Besteiro

O secretario xeral do PSdeG, Valentín González Formoso, apuntou que o futuro do partido "pasa por Besteiro", como líder do único partido "capaz de aglutinar á maioría social de Galicia e de lograr o cambio político" porque "canto máis BNG máis PP". Así o dixo logo dos "malos resultados electorais".

O responsable socialista emprazou a "afrontar o futuro con optimismo e con realismo, aceptando a mensaxe do país" nas pasadas eleccións que, dixo, sinalaron que "a alternancia ten que pasar por un PSdeG forte". Apuntou que o futuro do partido para por "intensificar a defensa dos intereses dos galegos e das galegas".

Dixo que o PSdeG asumirá "cambios de ritmo e de mensaxe" e mesmo "cambios orgánicos" cunha "aposta pola tranquilidade e por facer as cousas ben, aprender dos erros do pasado". Formoso deu por aberta unha nova etapa de 4 anos de "traballar a reo" para configurar unha alternativa de goberno facendo caso da mensaxe das pasadas eleccións.

Formoso advertiu que as pasadas eleccións deixaron a "lectura" de que "máis mobilización do BNG implica máis mobilización do PP". Insistiu na necesidade dun PSdeG "forte" no que, dixo, "non temos que transmutarnos en nada, non necesitamos agochar a nosa identidade, o que pensamos nin o que somos".

Unha das primeiras medidas que se tomaron foi a retirada da primeira liña de Formoso, que deixará a dirección do grupo para ceder esta posición a Besteiro e anunciou que o candidato "tivo moi pouco tempo para dar a coñecer o programa".

## BNG

## Un resultado histórico dos nacionalistas en Lugo

Os catro deputados electos do BNG fixeron unha valoración dos resultados conseguidos polo BNG, nas que o partido alcanzou un resultado histórico tanto a nivel galego como en Lugo. En toda Galicia, alcanzáronse preto de medio millón de votos, 155.000 máis que en 2020, colocando ao BNG cun grupo parlamentario de 25 integrantes, que ocupa un terzo do hemiciclo, mentres que tanto na provincia de Lugo como na cidade se conseguiu unha mellora notable.

Olalla Rodil afirmou que "desde o BNG temos máis empuxe ca nunca para seguir defendendo Lugo e a vida das nosas veciñas e veciños", e engadiu "é certo que non conseguimos que se producise un cambio político neste País cun novo goberno liderado polo BNG pero hoxe temos máis forza e máis ganas que nunca para seguir traballando cara ese horizonte". O BNG non ten teito. "Diciannos en 2020 que 19 escanos era o máximo ao que podíamos aspirar, que chegáramos ao noso límite e que a maior parte do voto que tiñamos era prestado", explicou Olalla Rodil, que engadiu "catro anos despois demostramos que o BNG é unha forza política sólida que lidera a oposición en Galiza de maneira reforzada".

Segundo Olalla Rodil, "despois destas eleccións queda claro que a alternativa ao Partido Popular é o Bloque Nacionalista Galego". A deputada do BNG afirmou que "sabemos que hai moitas das persoas que poden sentirse decepcionadas porque non se produciu un cambio de goberno, comprendemos esa frustración, pero a campaña que fixemos e o resultado electoral do BNG demostraron que este País xa cambiou".

# Cales son os nomes propios máis habituais na provincia?

Por **Lucía Blanco**

Antonio, José Luis, Carmen ou Lucía? Aínda que calquera dos catro son nomes propios de gran popularidade en Galicia, o podio ten dous claros vencedores: María e Manuel. Concretamente, 38.371 galegas —un 14,16 %— chámanse María, mentres que Manuel ten aínda un predominio maior, xa que son 67.900 —un 25,05 %—, segundo os últimos datos publicados polo Instituto Galego de Estatística (IGE).

Na provincia, a situación tampouco cambia. De novo son os nomes que teñen 4.185 mulleres lucenses e 9.096 homes. María Carmen, Carmen, José e Antonio ocupan a segunda e a terceira posición, deixando claro que os antropónimos máis comúns teñen un sabor clásico. Na cidade de Lugo, hai 1.660 persoas rexistradas como María Carmen e 2.179 como Manuel, nomes que tamén dominan en Palas, mentres que María del Carmen e José son os máis rexistrados en Antas, en Guntín e en Monterroso.

María del Carmen e Manuel son os máis comúns en Baralla e Rábade; Carmen e Manuel, en Becerreá, na Fonsagrada e en Navia; Manuela e Manuel, no Corgo e Josefa e José, en Outeiro. Na zona da Terra Chá, o protagonismo lévao José, sendo o máis repetido en Abadín, na Pastoriza, en Vilalba, Xermade, Begonte, Cospoito e Friol. Deste xeito, preséntanse diferenzas en canto aos antropónimos femininos. María reina en Abadín, na Pastoriza, en Vilalba e Xermade; Josefa domina en Cospoito e Castro; María del Carmen, en Begonte e Carmen, en Friol.

En Viveiro, hai 230 mulleres rexistradas como María del Carmen e 253 como José. En cambio, María e Manuel son os máis repetidos en Barreiros, Mondoñedo, Trabada e Foz e Ma-



ría e José fano en Barreiros, Ourense e Lourenzá. Dolores e José impóñense no Vicedo e en Xove; María Carmen e José Ramón, en Alfoz; María Dolores e Manuel, en Cervo e María del Carmen e Manuel, en Ribadeo.

**JOSÉ DOMINA.** En Monforte hai 216 Marías e 558 Manueles, que son tamén os máis rexistrados en Bóveda, Carballedo, Pantón e no Saviñao. María e José convértense nos máis comúns en Sober e Taboada; Carmen e Manuel no Páramo, en Triacastela e Quiroga; María Carmen e Manuel, en Chantada e Carmen e José, en Folgoso do Courel. María e Manuel repítense como máis comúns no Incio, en Ribas de Sil e Samos; Pilar e Manuel, en Lánca e Sara e Manuel en Paradela.

Porén, as tendencias varían e os nomes de moda cambian co paso do tempo, práctica que confirma cada ano a estatística dos máis escollidos para os novos nacementos. Segundo a lista dos neonatos galegos do 2022, Martín, do que se rexistraron 263 bebés e Mateo e Lucas, con 239 e 173 rexistros respectivamente, son os máis postos. Os de orixe galega parece que cobran forza. Roi ocupa o noveno lugar, seguido de Gael e Xoel. No caso das nenas, o máis común é Noa, con 159 casos; xunto con Sofía, con 140 e Valeria, con 135.

**APELIDOS.** En canto á distribución municipal por apelidos, mandan os patronímicos rematados en -ez, que teñen a súa orixe na Idade Media e significaban “fillo de”. Concretamente, 108.553 e 102.454 galegos teñen Rodríguez e Fernández como primeiro apelido. Os seguintes máis habituais son González, do que se rexistran 81.649 persoas e López, con 75.881. Na provincia tampouco hai moita sorpresa, aínda que cambian as posicións. Abundan os López, con 23.024 casos; os Fernández, con 18.691 e os Rodríguez, con 15.085.

Por concellos, repítense case o mesmo patrón. Na cidade de Lugo, 6.090 persoas levan López de primeiro, 5.102 son Fernández e 3.917, Rodríguez. A primeira posición é compartida en Cervantes, no Corgo, nas Nogais, en Guntín, Outeiro, Rábade e Pedrafita. Na Fonsagrada e en Navia o máis habitual é atoparse a alguén apelidado Fernández, mentres que en Monterroso e Palas domina Vázquez.

Na Terra Chá, Fernández e López son os máis repetidos en Castro, Cospoito, Meira e Vilaba, mentres que López e Rodríguez fano en Friol e Guitiriz. A tendencia cambia en Abadín, onde se impón Díaz, así como ocorre con García na Pastoriza. Na costa, Fernández triunfa en Burela, Cervo, Foz, Viveiro, Ourense, O Vicedo e Xove. Pero a cousa cambia en Alfoz e Mondoñedo, onde é máis frecuente apelidarse García.

Rodríguez gaña en Monforte, onde 1.980 residentes levan ese apelido, e tamén en Pantón, na Pobra do Brollón, en Quiroga, Sober e Ribas de Sil. González é o protagonista en Carballedo; Fernández, en Chantada e López, en Folgoso. López e Fernández tamén se impoñen en Sarria, Samos, Triacastela e Lánca e López e Rodríguez fano no Incio, no Páramo e en Paradela.

## O SLG asegura que o SAF está a piques de colapsar



A responsable da Secretaría das Mulleres do Sindicato Labrego Galego-Comisións Labregas (SLG-CCLL) denunciou a situación límite na que se atopan as persoas dependentes e as súas cuidadoras na Galicia, ao tempo que presentaron propostas para reconstruír os servizos de dependencia no medio rural.

Dende o Sindicato Labrego solicitan ao novo Goberno galego que poña a vida no centro, comezando polo establecemento de políticas públicas axeitadas e a activación de orzamentos” que poñan solucións reais ás graves deficiencias que temos en Galicia na aplicación da Lei de Dependencia, prestando especial atención en reverter a privatización e na atención ás persoas que habitan no noso medio rural”. María Ferreiro subliñou que as grandes prexudicadas polo abandono institucional en materia de dependencia son as mulleres. Firma que son o 84,8 % das persoas cuidadoras, maiormente sen apoio institucional, o que provoca que desatendan a súa propia saúde e que, chegados os seus últimos anos de vida, estean nunha situación de importante vulnerabilidade. “Segundo un estudo do Consello Galego das Mulleres -abondou Ferreiro-, a pensión media das mu-

lleres é de 687,23 euros, fronte aos 1.030,14 dos homes. É dicir, unha vez xubiladas cobramos 342 euros menos cada mes. Isto débese en grande medida a que pasamos anos cuidando sen percibir un salario, ou que optamos por traballos por horas ou a media xornada que nos permitan compatibilizar”.

Tamén lembrou que as persoas ás que se lles concede a axuda de dependencia en Galicia teñen un tempo medio de agarda dun ano até que se lle concede o servizo. Nalgúns casos moito máis. Segundo datos da Asociación de Directoras e Xerentes de Servizos Sociais, máis do 30 % das que abandonan as listas é por falecemento; no ano 2021 foron 500 persoas.

De igual xeito acontece co Bono coidado universal de 5.000 euros, “trátase da axuda a persoa coidadora familiar xa existente, que se ben é certo se incrementou minimamente, non na contía necesaria, e deixa fora o 64 % dos dependentes”.

Sobre o Servizo de Asistencia no Fogar (SAF), integrado por mulleres na súa inmensa maioría, como teñen denunciado en reiteradas situacións, as mulleres desenvolven un traballo tan sensible como é o dos coidados nunha situación totalmente precaria.

**CARPINTERIA METÁLICA**

**NUESTROS TRABAJOS EN TODA LA COMARCA DE SARRIA NOS AVALAN**

- PUERTAS AUTOMÁTICAS
- ACERO INOXIDABLE
- ESTRUCTURAS METÁLICAS
- ALUMINIO SOLDADO
- ACERO CORTEN
- REPARACIONES MAQUINARIA AGRÍCOLA

**VIMETAL TALLERES**

¡Llámenos y le informamos sin compromiso!

Camiño Francés 43, 27600 Sarria - Lugo - Fran: 699 823 746 / Jose: 669 951 703 - vimetalsarria@hotmail.com

C-27-900501

**logopedia** Centro de **logopedia** M<sup>o</sup> del Mar Tourón 10 de callejón 11/1208

**Y TÚ ¿CÓMO HABLAS?**

**TRASTORNOS**

- MIOFUNCIONALES
- AUDICIÓN
- LENGUAJE ORAL Y ESCRITO
- HABLA
- VOZ

**NIÑOS Y ADULTOS de 0 a 99 años**

Rúa Pedro Saco, 35 Entlo. 27600 Sarria  
Tfno.: 669 260 537 m\_marll@hotmail.com

## A paraledesa Sonia Arias, presentou os seus relatos curtos no Pazo de San Marcos



A escritora Sonia Arias presentou no Pazo de San Marcos, 'Los Zapatos del Lobo', a última obra desta autora natural de Paradela.

O deputado de Participación Cidadá, Iván Castro, destacou "o pracer que supón para un veciño de Paradela coma min acoller a presentación dun novo logro editorial de Sonia Arias". Deste xeito, apoian a actividade dos creadores no territorio, porque entenden que "o acceso e a promoción da cultura en-

riquécennos como sociedade e son, ademais, elementos de dinamización económica". Arias quixo agradecer á Deputación a oportunidade de lanzar unha obra.

Los Zapatos del Lobo é unha colección de relatos curtos ambientado na aldea de Vidul e que transmite unha mensaxe universal e que deixa marxe ás interpretacións do lector. A publicación presentárase o vindeiro 15 de marzo, en Sarria, e o 5 de abril, en Paradela.

## O polígono agroforestal de Loio vén de declararse de utilidade pública

O Diario Oficial de Galicia (DOG) vén de publicar o decreto polo que se declara de utilidade pública e interese social o polígono agroforestal de Loio, no Concello de Paradela, que permitirá a posta en valor de 23,23 hectáreas de terreo, distribuídas en 104 parcelas de 36 titulares catastrais.

Esta declaración implica o recoñecemento da existencia de razóns de interese público aos efectos da aplicación da tramitación de urxencia do procedemento.

Este polígono ten por obxecto pór en produción áreas de terra agroforestal con boa capacidade produtiva, que acadaron co paso do tempo estados de abandono ou infrautilización, recuperando deste xeito unha acaída actividade de explotación agrícola ou forestal.

A mellora da estrutura territorial de explotacións xa existentes ou



a posta en marcha de novas iniciativas produtivas, así como o desenvolvemento de áreas que, independentemente da súa capacidade produtiva, contan con especiais valores ambientais, patrimoniais ou paisaxísticos e nas que os procesos de abandono están a deteriorar eses valores.

A zona na que se atopa o polígono de Loio está incluída na área

de actuación da Denominación de Orixe Ribeira Sacra e existe unha gran demanda de terreo na zona de actuación para a mellora da estrutura territorial de explotacións xa existentes ou para a posta en marcha de novas iniciativas produtivas vinculadas á produción vitivinícola, a gandaría extensiva e o aproveitamento forestal.

## Pechada a ruta do Loio debido aos danos polo mal tempo

O Concello de Paradela vén de informar de que a ruta do Loio está pechada "por non estar accesible para realizarse, debido aos danos sufridos pola climatoloxía adversa e pendentes de reparar".

Desta maneira, os veciños e veciñas, turistas e peregrinos que

tiveran pensado acudir a esta ruta a desfrutar da paisaxe, non poderán facelo, xa que as condicións non son óptimas.

As fortes chuvias e ventos están a facer que moitas zonas de bosque teñan árbores caídas e unha superficie moi mollada para o bo tránsito das persoas.

CLASES IMPARTIDAS POR UN:  
Multimedallista nacional  
Bicampeón de España absoluta  
Bronce Europeo 2019  
Campeón de Europa por equipos en 2021  
Mundialista en 3 ocasiónes, 2018, 2022 y 2023

Escuela de  
**TAEKWONDO**  
SARRIA

MEJORA DE CONDICIÓN FÍSICA  
AMISTAD TRABAJO EN EQUIPO DISCIPLINA  
CONFIANZA AMBICIÓN HUMILDAD RESPETO

@AC\_TAEKWONDO AC TAEKWONDO 664 765 985

triacastela

## A Furgoteca celebrou cunha gran festa o seu primeiro ano de vida

O Ceip Eduardo Cela Vila de Triacastela acolleu a celebración do primeiro ano de vida da Furgoteca cunha actuación a cargo de Cuentitis Musiquitis na que participaron escolares da vila, así como doutros concellos próximos, como Pedrafita e O Incio.

Desta maneira, todos os nenos e nenas puideron desfrutar, entre as 11.00 e as 12.30 horas, de actuacións musicais con contos, melodías que narran historias e chistes a ritmo de pop, rock, folk e rumba.

Na actividade, aderezada con



xogos, retrousos, adiviñas e un toque de maxia, aínda que o que máis haberá son risas e o humor;

tamén estivo presente a alcaldesa, Olga Iglesias, e usuarios e usuarias de varias Casas do Maior.

**PINTOR**  
PINTURAS - BARNICES  
PERSIANAS  
PAPEL PINTADO  
TARIMA FLOTANTE  
659 767 936

HOGAR  
CORTINAS - STORES  
RIELES  
ALFOMBRAS  
EDREDONES  
C/ Benigno Quiroga,  
93-95, bj - 982 533 497  
SARRIA (Lugo)

PINTURAS HOGAR  
**LATAS**  
tel.: 659 76 79 36

## O alumnado do colexio traballa no Horto do Oribio

O alumnado do Ceip Eduardo Cela Vila de Triacastela está a desenvolver unha nova actividade para traballar a cooperación, o compañeirismo e o coidado pola natureza.

Esta consiste nos labores necesarios para conservar unha horta, chamada o Horto do Oribio, no que xa construíron os primeiros bancais cos ferramentas comúns.



# “Síntome querida desde que cheguei, espero estar á altura”

**Montserrat Mulet, nova alcaldesa de Paradela, colleu o relevo de Xosé Manuel Mato Díaz despois de máis de 40 anos no municipio**

## Leva toda a vida dedicada á política municipal, cando empezou?

Eu chego ao municipio no ano 1989 e naquela época residía todos os días practicamente en Paradela e ao vivir no Concello involucráronme na política. Metéronme no ano 1991 e estiven ata o ano 1999, dúas lexislaturas. Deixei unha sen ir, do 1999 ao 2003 porque me matriculei en Farmacia e era moito traballo e non podía dedicar tanto tempo ao municipio. Unha vez finalizada a carreira, no 2003 volví á política e ata hoxe. Fixen moitas cousas no municipio ademais da política: fun secretaria do equipo de fútbol, axudei a redactar os primeiros estatutos, organizei na as festas municipais de Paradela e ben, sempre traballei polo Concello e para o Concello.

## Como foi o traballo como tenente de alcalde?

Eu levo sempre a parte dedicada aos servizos sociais, a Área de Sanidade e Servizos Sociais e arroupar ao que era antes o alcalde de Paradela en todo o que me requiría, salvo causas de forza maior, nunca faltei ao que me pediu, eu sentíame obrigada moralmente e co deber de cumprir cos veciños.

Fixemos moitísimas cousas. A modernización do municipio, eu cando cheguei o que máis se necesitaban eran estradas e a electrificación das parroquias do rural, que estaban en malas condicións e agora están moito mellor e hai mantemento das vías. Os accesos ás parcelas agrícolas son bos, hai que mantelos que é o problema porque os recursos son

os que hai.

## Como asume o novo cargo de alcaldesa, esperábo, ilusionalle?

A min ilusioname e tamén agradezo a confianza que depositaron os veciños en min durante tantos anos, por iso me ilusiona. Espero estar a altura e levar o cargo dentro da miña responsabilidade que sempre collo con todo o que empezo e espero seguir co mesmo traballo e empeño que o equipo de Goberno anterior.

## Cales son as primeiras medidas tras coller o mando?

**“Durante a etapa de Mato fixemos moitísimas cousas, como a modernización do municipio, xa que cando eu cheguei, o que máis falta facía eran estradas”**

Traballar desde o minuto 1 e decidir que obras se van facer a través do Plan da Deputación para seguir mellorando Paradela. Con estes cartos que nos dá a Deputación para o Concello nós temos que asumir que obras debemos facer porque son máis primordiais para o noso concello. É unha dun montón de ordes que saen todos os días con respecto

a plans de cooperación entre administracións que hai que levar a cabo.

## Continuará cos proxectos herdados de José Manuel Mato Díaz?

Seguimos a mesma liña: a protección das familias, da nosa principal riqueza que é a gandería, o forestal... temos en marcha un proxecto de recuperación dos soutos. E seguir traballando nas enerxías limpas, xa que para nós os eólicos foi un antes e un despois no Concello, e todo o ligado ao turismo e Camiño de Santiago, protexendo tamén o medio ambiente, recuperando cousas que parece que non hai e están aí.

## Cre que a oposición será colaboradora?

Esperemos que sexa colaboradora polo ben do Concello de Paradela, xa que os enfrontamentos nunca levan a un bo porto. Estar enfrontados e poñer aos veciños uns contra aos outros non é bo para o Concello. O mellor é a colaboración para o bo desenvolvemento de todo o que necesita o municipio, non poñernos na tesitura de que non hai solucións, hai que falar. Os veciños non só poden dirixirse á oposición para demandar melloras ou facer críticas, tamén poden dirixirse a nós, que nós falamos coa veciñanza a diario. Eu exerzo a miña profesión, que aínda que intento separar os temas políticos dos sociais, sempre se fala, non hai ningún problema en escoitar aos veciños. A oposición escoita, pero tamén se escoitan desde o Concello e desde aquí resólvense problemas ordinarios de todos os días. Tamén é interesante



que a oposición traia temas e aporten algo.

## Como serve á política local a súa experiencia como médico?

Eu teño coñecemento dos veciños desde hai 35 anos e durante estes anos tiven tempo de coñecerlos, polo que é unha cousa que xoga ao meu favor, aínda que tamén é un

**“No exercicio da miña profesión como médico, a xente fala comigo sobre os problemas que teñen e desde o Concello resólvense e búscanse solucións todos os días”**

problema porque todo ben non o podes facer e se todo o mundo di que o fas todo ben, algo falla. Terei as miñas críticas, como todo o mundo, e non queda outra que asumilas. Hai que falar e tratar de saber cal é o seu punto de vista, e eles tamén me coñecen.

## A reacción dos seus veciños ao saber a noticia foi boa?

Eu síntome querida desde o día que cheguei. Sempre se portaron ben comigo, cunha tremenda dozura e delicadeza. Sempre me ampararon, aínda que tamén ao ser muller-que temos un don para escoitar aos demais-, tamén os veciños sentíronse escoitados. Somos máis empáticas e levamos a vida da casa e vemos os problemas, aos homes ás veces cústalles ver os problemas ou compatibilizar, pero nós estamos acostumadas e sabemos a dificultade que supón levar a casa, o traballo... Pero as mulleres somos moi testanas e traballamos arreo.

## Cales son os obxectivos para Paradela?

As necesidades para Paradela é seguir promovendo iniciativas para atraer tecido industrial. Temos un viveiro de empresas e temos naveas no parque empresarial, pero queremos crear máis en parcelas do polígono para traer máis industria, aínda que é complicado. Se tes iniciativas privadas de manter os albergues que hai no Camiño tamén atrae turismo e nós desde o Concello queremos adquirir e desenvolver un hotel de degustación para produtos da zona que é unha idea que está en valoración que estamos valorando o proxecto e a ver como son os destinos da Xunta e que nos escoite.

**COMPRA-VENTA DE MADERA**  
Más de 30 años en el sector

**MANUEL DÍAZ DÍAZ**  
MADERAS PENEDO

¡Venda su madera!!!  
Llámenos sin compromiso.  
Trabajamos toda la comarca de Sarria.  
Nosotros nos encargamos de todo.

Tels.: 616008540 • 619678989  
Grallas, 13 - O Paramo

**claudio**

Supermercados **PARADELA**

**Su supermercado de confianza**  
Servicio de carnicería

Calle Cabaleiros de Santiago, 77 Bajo  
27611 **PARADELA** / Telf.: 982 541 532

## A praza Vergara será inaugurada, despois dun ano de obras, o 28 de marzo



A praza Vergara de Samos, que leva en construción case un ano, xa que as obras comezaron en marzo de 2023; inaugurarase o vindeiro 28 de marzo.

Así, a Asociación de Comerciantes de Samos está a preparar un acto cargado de sorpresas no que participará

tamén o Valedor do Camiño, Luís Ceileiro, e diversos familiares do poeta Fiz Vergara a partir das 12.00 horas na nova praza localizada na Horta da Botica. Así, colocarase unha placa conmemorativa na praza e colocarse un poema de Fiz Vergara do ano 1994 para renderlle homenaxe.

## O colexio recibirá axudas para fomentar o deporte



O Concello axudará economicamente ao centro educativo do municipio despois de reunirse con membros da Anpa, aos que lles anunciou estas axudas.

Así, o Ceip de Samos contará cunha achega de 2.000 euros para apoiar o fútbol e o predeporte escolar co obxectivo de "manter as instalacións do

colexio así como as actividades para os nenos", explicou a alcaldesa, Chus López. Ademais, organizarán actividades como as realizadas ata o momento, como excursións a partidos e talleres levados a cabo polo Nadal. Tamén se destinarán 2.900 euros ao torneo de fútbol sala e a outras actividades locais.

## A Deputación fai unha achega de case 300.000 euros para melloras

O Plan Deputación destina este ano un total de 282.000 euros ao Concello de Samos, dos que 153.142,38 euros dedicaranse a facer obras para mellorar vías e camiños rurais do municipio, como a pavimentación de acceso a Foxos, a Lourido Pequeño e á Balsa, e nos núcleos de Formigueiros, Lamar-tín, Vilar do Real, Lastres, Nande, Freituxe, Castroncán, San Cristovo, A Balsa, Santalla de Arriba e Santalla de Abaixo; estes últimos como obras de administración.

Por outra parte, o Servizo de Axuda no Fogar tamén ten unha partida designada de case 13.000 euros e hai unha partida para o programa de reforzo do emprego, a contratación de dous condutores de tractor, dous peóns de servizos múltiples, dous limpadores, dous



coidadores das vivendas comunitarios e dun informador turístico. Con respecto ás actividades culturais, a Festa dos Maiores contará cunha partida de 2.500 euros para o seu desenvolvemento e outros 5.100 estarán reservados para a contratación de actuacións teatrais

e musicais. Por outra banda, tamén haberá unha reserva de 2.900 euros para apoiar o deporte local e organizar o torneo de fútbol sala, así como a feira da Ponte de Lóuzara e a feira de artesanía de Samos contarán, ámbalas dúas, con 2.000 euros.

## Rematadas varias actuacións para beneficiar á veciñanza

O Goberno local vén de levar a cabo melloras en varias zonas do municipio, coa reparación da varanda da ponte que leva a Sancovade, en Teiguín; as melloras na pavimentación da vía de acceso a Frexulfe, en Lóuzara; e a construción dunha rampla accesible na entrada da casa consistorial e arranxo da parede da praza do Concello.

Con respecto á primeira das melloras, a da varanda, desde o Goberno local sosteñen que levaba "moitos anos en mal estado, polo que era unha demanda histórica que nós, estando na oposición, xa pedíramos, e esteticamente era horrible ter iso así, máis estando no Camiño de Santiago", defende a alcaldesa.



Pola súa parte, a mellora na pavimentación da vía de acceso a Frexulfe, en Lóuzara, fíxose a través do Plan Mellora de Camiños Rurais 23-24, solicitado e executado a través do Concello co fin de beneficiar aos veciños e veciñas que transitan por esa

estrada. E, por último, a rampla de acceso á casa do Concello instalouse para eliminar barreiras arquitectónicas que dificultan a vida das persoas con mobilidade reducida; así como arranxouse as paredes da praza porque estaban moi deterioradas.

**STIHL**

TEMPORADA PRIMAVERA 2023

**Ferretería Sarriá**

Pedro Saco 33, Sarriá. Telf. 982 532 202

PREPARA TU JARDÍN CON LAS MEJORES OFERTAS

**CREADOS**

- PSICOPEDAGOGÍA
- EVALUACIONES PSICOPEDAGÓGICAS
- LOGOPEDIA Y LENGUAJE
- PSICOLOGÍA Y PSICOTERAPIA
- ATENCIÓN TEMPRANA (0-6 AÑOS)
- ESTIMULACIÓN PRECOZ (2-3 AÑOS)
- REFUERZO EDUCATIVO ESPECIALIZADO
- ESTRATEGIAS Y TECNICAS DE ESTUDIO

¡Infórmate sin compromiso!

Calvo Sotelo, 183 Bajo  
27600 Sarriá (LUGO)  
626 21 86 28

**INFANTIL** **PRIMARIA** **ESO**

## Máis preto de conseguir levar a cabo o Plan Xeral de Ordenación

O PXOM de Láncara vén de superar a fase de avaliación ambiental a través da publicación do Diario Oficial de Galicia (DOG), un borrador no que se propón a modificación da delimitación actual dos núcleos rurais de Os Campos, Río, Ronfe, Santalla, Seoane e Vigo de Galegos.

Nestes espazos de Láncara deberán excluírse os terreos sen ocupar por explotacións gandeiras que ocupan posición limítrofes dentro de cada núcleo. Ademais, tamén reaxusta a delimitación do núcleo de Souto para incorporar un novo camiño na zona e excluír parcelas de uso agrí-

cola.

Por outra banda, o borrador inclúe a posibilidade de facer cambios na estrutura vial dos núcleos de Asteire, Meixarín e Outeiro para corrixis erros detectados.

**CHAN RÚSTICO E URBANO.** Con respecto ao chan rústico, propónse modificar o trazado dun camiño público entre Outeiro e A Pedreira, así como propónse incorporar a prolongación da variante da Pobra de San Xiao da nova liña de tren de alta velocidade entre Lugo, Monforte e Ourense.

Ademais, no chan rústico de pro-

tección agropecuaria da Pobra de San Xiao déixase unha reserva de vía para unir a glorieta de acceso ao núcleo urbano e á rúa Río Neira, e incorpórase ao chan urbano unha vivenda e o tramo de vía executado.

No caso do chan urbano, propónse un cambio no trazado dunha vía próxima ao Campo da Feira para adaptala á estrutura e corrixis a representación da vía que comunica as rúas Rosalía de Castro de Julio Iglesias.

## O Muvicla acolle o III Encontro sobre as alternativas ao uso do petróleo

O Museo vivo e integrado do campo e da locomoción agraria (Muvicla) de Trasluste, en Láncara, organiza a terceira edición do encontro sobre as alternativas ao uso do petróleo en aplicacións agrícolas o vindeiro 7 de marzo.

A xornada comezará así ás 10.00 horas e acollerá diferentes conferencias a partir das 10.55 horas, coa primeira de Juan Rodríguez sobre Economía circular y descarbonización, a das 12.00 horas de Anselmo Ayala sobre Acercamiento al proyecto LIFE ATENA, ás 12.30 horas a de Guillermo Rodríguez sobre Método biointensivo de producción ecológica de alimentos a pequena escala sin uso de combustibles



fósiles e ás 13.00 horas de Javier José Cancela sobre La agricultura como fuente de energía y almacén de CO2.

Despois dunha visita guiada ás 13.30 horas polas instalacións do museo e un xantar conxunto,

ás 16.00 horas terá lugar unha mesa redonda baixo o nome de Agricultura y alimentación, ¿con qué energía?; ás 18.00 horas presentaranse as publicacións de anos anteriores e ás 18.15 clausurarase o evento, coa interpretación musical Airiños Aires.

## O mural do ferrocarril da Pobra de San Xiao, feito por Diego As, xa está case rematado



Xa está case rematado o gran mural elaborado por Diego As para a Pobra de San Xiao, en Láncara, que ocupa 225 metros cadrados da superficie do lateral dun edificio da Rúa Antonio López Quiroga e que se pode admirar desde a nova rotonda de entrada á vila desde a LU-546.

Este mural é un dos máis grandes dos que ten feitos o artista lucense, pero tamén é un dos máis complexos, xa que ten un gran nivel de detalle para poder ofrecer aos veciños de Láncara unha representación do seu pasado ligado ao ferrocarril que pasaba polo medio

da vila ata 2018.

Así, neste mural represéntase o último ferrocarril e o último día de traballo do xefe da estación, que está representado coa corneta e a gorra propia da súa profesión, mentres transmite nostalgia coa mirada.

O mural comezou a pintarse en decembro, cando Diego Anido tivo que soportar algúns problemas debido aos cambios de tempo, obrigando ao artista a parar durante un mes, pero agora, estas últimas dúas semanas, realizou un traballo intensivo que permitiu que a poida rematar nuns días.

## LIQUIDACIÓN DE EXPOSICIÓN

DESCONTOS EN:  
MOBLES DE SALÓN  
DORMITORIOS  
APARADORES  
MESAS DE CENTRO  
ENTRADAS  
E MÁIS...



VEN A **MUEBLES CELEIRO** E TRANSFORMA O TEU FOGAR

Carretera LU-546 km. 16 Vilapedre 9 Sarria - Lugo Tel. 982 532 451 Mov. 625 662 962



ASESORAMENTO ENERXÉTICO A PARTICULARES E EMPRESAS  
PARA MAXIMIZAR O AFORRO NAS FACTURAS DE LUZ E GAS

Axudámosche a optimizar as túas facturas de enerxía?

Escanea este código QR e envíanos a túa factura de luz/gas  
para facerche unha comparativa de aforro personalizada:

Entra e infómatel  
982 876 681  
sarría@xenera.com



**XENERA**  
COMPAÑÍA ELÉCTRICA

A principal comercializadora de  
enerxía 100% galega. Concedida  
de 125 anos de historia.

GESA ENERGÍA Colaborador Oficial de XENERA

## Acondicionadas as zonas verdes do municipio inciao



O alumnado do obradoiro dual de emprego O Incio, A Pobra do Brollón e Bóveda segue realizando labores de mellora nos tres municipios.

Así, a través de traballos de poda en diferentes espazos verdes do Concello do Incio e da Pobra do Brollón neste caso, contribúen a

embelecer as zonas de paseo dos veciños e veciñas. Ademais, estes días estiveron facendo tarefas de roza e poda nas inmediacións do Centro de Día e do albergue da Pobra do Brollón para permitir un mellor acceso dos cidadáns da vila a estes lugares.

## O Festival Terra Brava xa ten o primeiro grupo confirmado, que actuará o 24 de agosto

Os organizadores do Festival Terra Brava veñen de anunciar a primeira confirmación da próxima edición do festival, que terá lugar como todos os anos en agosto.

Esta primeira confirmación é a de Charanga sin Control, que amenizará a sesión vermú no día 24 de agosto coa súa música nacida en 2015 por un grupo de amigos de León con ganas de contaxiar a súa alegría e amor pola música.

Así, O Incio volverá acoller unha nova festa de música de grupos galegos que porán en valor o traballo da creación musical propia diante



dun público composto por veciños e veciñas e persoas interesadas neste festival.

## Aprobado o orzamento municipal de máis de 2 millóns de euros

O Concello do Incio vén de aprobar o orzamento municipal para este ano 2024, que ascende a 2.249.677 euros, un incremento de máis de medio millón de euros máis ca o ano pasado.

Esta suba está motivada, principalmente, porque o Concello do Incio é este ano o promotor do obradoiro dual de emprego que se desenvolve conxuntamente cos municipios da Pobra do Brollón e Bóveda.

Estes presupostos inclúen unha importante partida de arredor de 600.000 euros para os gastos correntes e servizos do Concello, incluíndo labores na rede de abastecemento de auga co fin de seguir optimizando o servizo, e coa intencionalidade de poder detectar posibles fugas de auga e así resolvelas de forma máis



eficiente no futuro.

Por outra parte, as contas prevén investimentos financiados a través do plan Deputación de cooperación cos concellos, cos que se dedicarán 240.000 euros

na pavimentación dalgúns accesos a parroquias do municipio e dalgúns núcleos de poboación, como o de Reboiro, o de Martín, o de Bardaos, o de Teimoio e o de Rubián de Cima.

## A parroquia de Friolfe organiza a súa primeira Festa da Xuventude

A parroquia de Friolfe, no Páramo, organiza a celebración da súa primeira Festa da Xuventude, motivados polo xa tradicional festexo desta mesma festividade no Concello todos os anos.

Así, esta iniciativa terá lugar o vindeiro 16 de marzo e reunirá a todos os veciños e veciñas que queiran participar para ter unha comida popular na que se inclúe empanada, troitas, churrasco, sobremesas e café.

Ademais, durante toda a tarde estará o discomóvil DBC para amenizar a festa con música e haberá colchonetas para os máis pequenos.



## Galicia Sempre esixe unha zona industrial no Páramo

O grupo municipal Galicia Sempre, encabezado polo exalcalde do Páramo, Gumersindo Rodríguez, insta a crear un plan especial para iniciar os trámites necesarios para dotar ao municipio dunha zona urbanizable industrial.

O actual Goberno local mencionou en diversas ocasións a súa intención de crear un polígono industrial no Páramo, pero aínda non o fixo, polo que Rodríguez defende que debe pasar "das palabras aos actos".

Así, lembran que o Concello xa contratou un Plan Xeral de Urbanismo coa Universidade de Santiago e fíxose un proxecto de creación de chan industrial na parroquia de Moscán, que acollería 20 hectáreas. Porén, o contrato non saíu adiante porque a Xunta elaborou o Plan Básico Municipal e, tendo este plan xa feito, habería que levar a cabo un plan específico para declarar algunha zona como urbanizable industrial, un dos usos da Lei do Solo.

**CARPINTERÍA METÁLICA**

- CARPINTERÍA DE ALUMINIO Y PVC
- PUERTAS, VENTANAS DE ALUMINIO
- VENTANAS DE PVC
- CIERRES EXTERIORES DE ALUMINIO LACADO
- PUERTAS MOTORIZADAS SECCIONALES Y DE CORREDERA
- MAMPARAS DE BAÑO Y MOSQUITERAS

**CAMIÑO FRANCÉS**

C/ Camiño Francés, 41 Sarria (Lugo)  
Tel.: 672 149 386 / 982 009 270  
caminofrances.aluminios@gmail.com

**Vazquez Autos**

**pelayo**  
Agente Exclusivo

Rúa Matias López, 126  
27600 - SARRIA (Lugo)  
Tel. / Fax: 982 530 707  
Móvil: 669 199 533  
vazquezautos@hotmail.com

# DEPUTACIÓN

## O Pleno urxe á Xunta un plan de investimentos para a provincia

A Deputación de Lugo reclámalle á Xunta de Galicia un Plan de Investimentos para Lugo que impulse as principais infraestruturas pendentes na provincia, emende as deficiencias nos servizos públicos e impulse novas medidas en áreas como a atención ás persoas maiores e o acceso á vivenda, cun investimento semellante ao comprometido por Alfonso Rueda coa provincia de Ourense. Así se acordou no Pleno a proposta do Goberno provincial, contando cos votos a favor do PSdeG e o BNG e o voto en contra do Partido Popular.

O presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, subliñou que a Xunta "ten que cumprir con Lugo. Está ben que veña o señor Rueda a Lugo agradecer o apoio que tivo nas eleccións autonómicas, pero ten que devolve-lo. Ten que pagar ese apoio en forma de infraestruturas que teñen comprometidas dende a Xunta pero que non cumpriron dende hai anos, incluso décadas", lamentou. Entre elas, explicou, proxectos coma a Rolda Leste, o Plan Paradai, o acceso ao Porto Seco de Monforte ou as obras da VAC Costa Norte.

O mandatario provincial tamén urxe ao Goberno galego a recuperar os servizos públicos no rural, reindustrializar A Mariña ou impulsar a construción de residencias públicas de maiores. Así mesmo, pide que consolide a oferta formativa do Campus Terra ou darlle maior proxección á Granxa Gayoso Castro, como centro investigador referente que é.

A voceira socialista do Goberno, Pilar García Porto, lembrou que "a concepción partidista da política á



que nos ten afeitos o PP acadou un novo fito o pasado día 14 de febreiro, cando Alfonso Rueda se reuniu co presidente provincial do seu partido en Ourense para firmar un documento comprometendo un plan de investimento de 117 millóns de euros". Explicou que incluía 12 medidas "concretas, serias, rigorosas e realizables" pero que chama a atención "a dilixencia coa que o señor Rueda promete en campaña os cartos que non executa dende a Xunta. Promete 10M€ para financiar unha residencia que vai construír unha fundación privada, tendo en conta a incapacidade da Xunta para construír prazas públicas", ironizou.

Pediu a deputada unha reunión do Presidente da Xunta de Galicia, Alfonso Rueda, coa Deputación de Lugo para poñerlle fin desta maneira ao desprezo institucional herdado do seu antecesor no cargo.

**TEMPORALIDADE.** Outra moción aprobada polo BNG e PSOE esixíralle á Xunta de Galicia que poña fin temporalidade na sanidade e na educación, que se disparou nos últimos

anos e que segundo os datos do Ministerio para a Transformación Dixital e da Función Pública con máis de 80.000 contratos precarios entre ambos servizos.

Destacou o presidente, José Tomé Roca, que a Xunta de Galicia "incumpre" coa Lei de Estabilización posta en marcha polo Goberno socialista de Pedro Sánchez e destacou a sentenza que vén de ditar o Tribunal de Xustiza da Unión Europea neste sentido. "Na Deputación temos todo en marcha, estabilizando ao persoal en función dos anos de antigüidade. Na Xunta non é así", insistiu.

García Porto expuxo que de acordo cos datos do Ministerio, en xaneiro do ano 2012, os contratos temporais no ensino non universitario foron 34.521 que se converteron na actualidade en 37.587, "co que nunha década a contratación temporal en educación incrementouse case nun 9%". Unha suba "aínda máis notable no eido da Sanidade Pública", que tal e como explicou a voceira socialista pasou dos 33.798 contratos temporais no 2012 aos 43.217, unha subida da temporalidade de preto dun 30%.

## Aberto o prazo das axudas para asociacións das reservas da biosfera

A Deputación abriu o prazo de solicitude das axudas por un importe de 110.000 euros que convocou para apoiar a actividade das entidades asociativas sen ánimo de lucro que estean asentadas ou que teñan o seu ámbito de actuación no territorio das reservas da biosfera Terras do Miño e os Ancares Lucenses, xestionadas pola institución provincial.

En concreto, poderán recibir subvención as entidades asociativas sen ánimo de lucro que desenvolvan actuacións e proxectos vinculados ao medio ambiente e ao rural que poñan en valor o patrimonio

natural, cultural e paisaxístico destes territorios, e que contribúan así á súa dinamización social e económica.

As solicitudes poderán formularse ata o vindeiro 13 de marzo, incluído, enviando os modelos oficiais xunto coa documentación precisa a través da sede electrónica da Deputación, ou ben de calquera dos restantes rexistros electrónicos aos que se refire o artigo 16.4 da Lei do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Os beneficiarios poderán obter entre 1.000 euros e 7.000 euros por cada proxecto.

## Licitada a subministración de servizos do Impulsa TIC

A Xunta de Goberno aprobou a licitación, por un importe de preto de 800.000 euros, dos últimos lotes da subministración de equipamentos e servizos tecnolóxicos que a institución provincial proporcionará de maneira gratuíta aos 52 concellos adheridos ao programa Impulsa TIC. Entre as ferramentas tecnolóxicas destaca a implantación dun chatbot con intelixencia artificial, integrado nas web de concellos de menos de 5.000 habitantes, unha experiencia piloto que é pioneira en España. Trábase dun asistente virtual, que ofre-

cerá atención ao cidadán as 24 horas dos 365 días do ano para resolver consultas dun xeito rápido e eficaz, e reducir a carga de traballo para os traballadores públicos. Ademais, nos lotes aprobados esta mañá tamén se inclúen equipamentos dixitais para dar una maior transparencia financeira.

A Deputación irá adxudicando o subministro do resto de equipos e servizos, que teñen que estar implantados o 30 de abril, data na que deberán estar finalizados todos os proxectos do programa Impulsa TIC.



### AUDÍFONOS SIEMENS A MEDIDA Y RECARGABLES



**Audio Sarria**  
CENTROS AUDITIVOS  
Nº de Registro Sanitario: E-27000398



**StreamLine TV** TRANSMITE EL AUDIO  
DEL TELEVISOR A SUS AUDÍFONOS



**rignia**

**¡LLÉVELO GRATIS CON LA COMPRA DE SUS AUDÍFONOS!**

C/ Matías López, 63-bajo | 27600 - SARRIA (Lugo) | audiosarria@gmail.com

**AEROTERMIA**

••

**SUELO RADIANTE**

••

**BIOMASA**

••

**INSTALACIONES DE CALEFACCIÓN, FONTANERÍA Y GAS**

••

## FONTANERÍA Y GAS

### VILAR VALCARCEL S.L.



C/ Portomarín, 17 • C/ Arias de Arbieta s/n  
27600 Sarria (Lugo) • Telf/Fax: 982 531 449  
Móvil: 659 589 024 • vilavalcarcel@hotmail.com


# DEPORTES

## Clásicos Sarria organiza o II Rally de Regularidad Vila de Sarria en maio

O Club Clásicos de Sarria anuncia que celebrará a segunda edición do II Rally de Regularidad Vila de Sarria, xa que “xa estamos traballando con moita ilusión na preparación do mesmo”, explican.

Así, terá lugar o vindeiro 4 de maio nunha edición promovida polo “bo sabor de boca” que deixou a primeira, celebrada o ano pasado o 30 de abril, coincidindo coa Feira de Antigüidades e Restauración de Sarria, como este ano.

Os organizadores informan de que haberá novidades máis adiante.



## A Carreira da Muller de Sarria celebrarase o día 9

O vindeiro 9 de marzo celebrarase a sétima edición da Carreira da Muller en Sarria da man da organización da Área de Deportes do Concello. A rúa Liberdade será o punto de saída e o paseo do Malecón o punto de finalización desta carreira, despois de que as persoas participantes percorran unha distancia de 5 quilómetros, tanto andando como correndo.

A carreira, na que poderán participar persoas a partir dos 12 anos en diferentes categorías, comezará ás 18.00 horas e a entrega de dorsais será de 16.00 a 17.30 horas no Malecón.



O percorrido será saír da rúa Liberdade en dirección a Samos, pasar por Castelao e seguir en dirección As Aceas, para volver polo campo de fútbol cara a estrada de Monforte e, despois, volver a Castelao, pasando polo pavillón e a piscina, cruzar o Hotel Alfonso IX e finalizar o percorrido no Malecón.

**ALBORADA**  
CLÍNICA VETERINARIA

- MEDICINA PREVENTIVA
- MEDICINA GENERAL
- CIRURXÍA TEJIDOS BLANDOS
- PELUQUERÍA
- TIENDA ESPECIALIZADA
- LABORATORIO
- DIAGNOSTICO POR IMAGEN

y mucho+

URGENCIAS 24H  
646 046 954



WWW.CVALBORADA.COM · 982 53 36 59  
Rúa Caneiro, 1-3, baixo · 27600 · Sarria · Lugo

## Mellorando día a día

Por Adrián Fernández.

Rematou febreiro e todos os equipos continúan a mellorar o seu xogo, o que estase a notar tamén nos resultados.

Comezamos coma sempre cos máis pequenos, polos preminis, na categoría feminina o Fisioterapia Ivonne Castro segue líder sen perder un só encontro (8-0) mentres que o Casa Barbadeo tivo un mal mes con 3 derrotas, a última no derbi de Sarria por 57-23, que as deixa quintas cun balance de 2-6. Na masculina, o Oso Blanco vai 2º no grupo A empatado con Ribadeo con 3 vitorias e unha derrota e o Cementos Cosmos, pola contra, segue aínda sen coñecer a vitoria no grupo B e queda cun balance de 0-4 despois de perder os tres partidos do mes de febreiro.

Na categoría minibasket masculina, os de Sarria, despois de baixar ao grupo B, comezaron ben o intento de volver ao grupo A gañando a domicilio ao Rosalía de Castro por 25-59. O equipo feminino, estas na 1ª división, remataron a primeira fase nun meritorio 2º posto no grupo norte con 9 vitorias e 3 derrotas (2-1 en febreiro) que as deixa encadradas no grupo a2.



Na categoría infantil o equipo feminino, despois de gañar a final na loita polo 5º posto, comezou a segunda fase co pé no acelerador gañando os 3 partidos xogados en febreiro, iso si, todos coma local, pero seguro que manterán o nivel fora da casa. Mentres, o preinfantil masculino segue con altibaixos, 2 vitorias e 2 derrotas, a última contra os de Cidade de Lugo, o outro equipo da provincia, por un axustado 70-74, o que os deixa na 7ª posición empatados con Montrove e Baxi Ferrol con 6-8.

Imos agora coa categoría cadete, o equipo masculino rematou a fase de grupos 2º con 2-2 despois de gañar en febreiro os dous encontros contra

San Xillao e perder contra Ensino, e o equipo feminino esta na 3ª posición do grupo par con 1-3 empatadas con Estudiantes azul, pero pese ás derrotas pódese apreciar unha gran mellora no xogo do equipo.

Na categoría júnior seguen as cousas igual que rematou a fase de inverno, o equipo feminino segue sen perder na fase regular e remata líder a primeira volta con 5 vitorias, pola contra, o equipo masculino vai 2º empatado con Estudiantes cun balance de 4-1, dúas vitorias, unha moi importante en Foz, e unha derrota no mes de febreiro.

Na categoría sénior os dous equipos comezaron a segunda fase da mesma maneira, gañando os 2 encontros cada un. O equipo feminino so xogou eses dous partidos e quedan primeiras no grupo B mentres que o equipo masculino, que está na mesma posición, colleitaria dúas vitorias máis para pechar a primeira fase na 4ª posición con 9-7 e así rematar un mes perfecto para eles.

O CB Sarria está a entrar na parte importante da tempada con bo rendemento pero aínda queda moito por xogar, a seguir así.

## Bo nivel no taekwondo sarriao no Open Vila de Moaña

A AC Taekwondo de Sarria participou con tres dos seus alumnos e profesionais deste deporte no Open Vila de Moaña 2024, no que Mateo Fernández logrou unha medalla de bronce na categoría Junior masculino. O profesor, Álex Losada afirmou que fixo un “gran traballo de Mateo e unha gran actuación”. Pola súa parte, Alma Cruz de Sousa participou en cadete infantil feminino, unha categoría

de moito nivel na que hai puntos en xogo para formar parte da selección galega infantil. “Alma fixo un gran traballo e segue evolucionando día a día”, defendeu Losada.

Finalmente, Claudia Fernández competiu por primeira vez esta tempada e, a pesar dos nervios, “fixo unha gran actuación e comeza a coller tapiz para futuros campionato”, sostivo o seu adestrador.

## A carreira Xacorun percorrerá unha parte do Camiño Francés



O domingo, 3 de marzo, desenvolveuse unha nova edición da carreira do Camiño de Santiago, a través do Camiño Francés, do Xacorun, que pasará polos concellos de Sarria, Paradela e Portomarín.

As persoas interesadas en participar poderán apuntarse as distintas modalidades ofertadas, que son unha carreira de 23 quilómetros, que irá desde o Concello de Sarria ata Portomarín; outra de 10 quilómetros, que irá desde Mirallos, en Paradela, ata Portomarín; e unha de relevos.

A de 23 km e a de relevos comezará ás 9.30 e o trail curto de 10 km farao a partir das 10.30 horas, aínda que todas elas percorreren un camiño natural e paisaxístico envexable.

**Peluquería Isolina**

Tu peluquería de confianza desde 1987

Avda de Castilla, 19 - Triacastela 617 403 579

## Roi Pérez do Kung Fu de Lánacara proclamouse Campión Galego

Roi Pérez López, alumno do grupo de Kung Fu da ANPA CPI Ramón Piñeiro da Pobra de San Xiao de Lánacara volveu acadar o primeiro posto no Campionato Galego.

Estudante de primeiro curso do Grao de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo na Universidade Vigo, Pérez López “volveu facer gala da súa disciplina, paixón e indiscutible talento” este pasado domingo 12 de febreiro no Campionato Galego de San Da – Qing Da, celebrado na Facultade de Ciencias do Deporte e Educación Física do INEF da Coruña, volvendo a colgar o ouro.

O pasado ano, entre varios títulos máis, foi proclamado campión galego e poucos meses despois foi recoñecido como campión de España de



Qing Da, unha modalidade de Kick Boxing dentro do Wu Shu Artes Marciais Chinas.

Desde o equipo explican que “estas actividades son máis que un deporte ou entretemento, son una vía de expresión artística e de autorrealización para moitos rapaces que atopan na idiosincrasia das artes marciais

unha vía de progreso persoal”.

Pero, sosteñen que “este é un proxecto que sen a ANPA do CPI Ramón Piñeiro e o esforzo persoal de todos os pais e das familias, non sería posible, xa que estas actividades deixaron de contar co apoio do goberno municipal lancarés e de incluírse nas Escolas Deportivas Municipais”, explican.

## A SD O Páramo ascende a Segunda Autonómica tralo partico co Taboada

O equipo da Sociedade Deportiva do Páramo conseguiu o seu ascenso á categoría de Segunda Rexional de Galicia despois de gañar diversos enfrontamentos seguidos. Os últimos foron contra o Relámpago Taboada, ao que lle marcaron tres tantos no campo municipal das Rapadas; e contra a SD Monterroso, partido no que marcaron 2 goles no Anexo Cerdeiros.

Así, pasan xa dos 50 puntos requiridos para conseguir o ascenso matemático a segunda autonómica, o que demostra a capacidade de esforzo e resisten-



cia do equipo paramés.

Desde o equipo, aínda con esta situación tan favorable, seguen centrados no xogo e animan a

todos os afeccionados continuar animando ao equipo para conseguir ser, ademais, campións de Liga.

## A SD Sarriana promove os valores e a tecnificación como factores de éxito



Desde o equipo de fútbol de Sarría, a SD Sarriana, sosteñen que esta tempada están traballando moito, sobre todo no aspecto técnico, para promover que “os xogadores estean moi preparados desde fútbol 8 para ter un bo rendemento no fútbol base”.

Jose López, coordinador da Sociedade Deportiva Sarriana defende que “en fútbol base seguimos aplicando a filosofía que trata de traballar con respecto, compromiso, disciplina, perseveranza e boa actitude, inculcándolles aos adestradores estes valores para que o traballen ben sobre todo en fútbol 8 de forma unilateral e unísona”, explica.

Ademais, sostén que están intentando corrixir erros que se cometeron no pasado, polo que “este ano apostamos pola tecnificación, máis incluso que o físico e que poidan competir en categoría Infantil con valores e hábitos”.

**ORGULLO.** Desde a SD Sarriana sosteñen que “está a competirse

ben en Infantil e Cadete, e esperamos que os dous ascendan de categoría. Imos loitar por meter nos na liga galega ou polo menos na interprovincial”, defenden.

Por outra parte, din que o Sénior B, que se creou este ano por primeira vez, está a competir “ben e o obxectivo é meternos en playoff para ascender a segunda rexional ou incluso en primeira, xa que agora temos un equipo en 3ª RFEF e queremos que poidan chegar ao primeiro equipo”.

Desde o equipo, que leva varias vitorias consecutivas, din que “seguimos vivos, seguimos loitando e colleitando puntos. Imos polo obxectivo, imos por todas”. Así se ven de animados, co fin de chegar ao obxectivo final.

Para concluír, desde a Sarriana poñen en valor a gran capacidade deportiva do equipo ao ser capaces de atraer a profesionais, xa que “temos máis de 220 licencias, é dicir, de xogadores que están traballando e formándose deportivamente con nós”.

## TELÉFONOS DE INTERESE

### LÁNCARA

Concello: 982 54 30 77  
Garda Civil: 982 54 31 47  
Centro de Saúde (cita previa): 982 54 30 39

### PARADELA

Concello: 982 54 11 01  
Garda Civil: 982 53 04 74  
Centro de Saúde (cita previa): 982 54 11 97

### SARRIA

Concello: 982 53 50 00  
Policía Local: 982 53 08 50  
Garda Civil: 982 53 04 74  
Centro de Saúde (cita previa): 982 53 21 11  
982 53 21 12 / 982 53 21 13

### SAMOS

Concello: 982 54 60 02  
Garda Civil: 982 54 60 08  
Centro de Saúde (cita previa): 982 54 70 02

### O INCIO

Concello: 982 42 70 14  
Garda Civil: 982 42 00 46  
Centro de Saúde (cita previa): 982 42 70 77

### TELÉFONOS DE INTERESE



**Emerxencias: 112**  
**Urxencias Sanitarias: 061**

**Incendios Forestais: 085**  
**Garda Civil: 062**



### TRICASTELA

Concello: 982 54 81 47  
Garda Civil: 982 54 60 08  
Centro de Saúde (cita previa): 982 54 80 18

# SARRIAXA

Para calquera suxestión, información ou comentario non dubide en poñerse en contacto con nós.

Edición: PORTAS COMUNICACIÓN S.L.

Dirección: Diego E. García Puente

Teléfono: 661 464 323

E-mail: redaccion@sarriaxa.com

Impresión: Tameiga Publicacións S.L.

Dep. Legal: LU 57-2021

## DESCUBRINDO O PATRIMONIO

# Mosteiro de Santa María de Castro de Rei

Esta construción relixiosa foi suprimida, como mosteiro, definitivamente polos decretos de exlaustración de 1835

O Mosteiro de Santa María de Castro de Rei de Lemos do Concello de Paradela, tamén coñecido como Mosteirovello por aludir ao primitivo emprazamento monacal, non ten unha data exacta de construción, xa que se descoñece, pero se sabe que a súa fundación é anterior ao século XII e que inicialmente era un mosteiro beneditino.

Ao principio estaba situado en O Agro de Abelleira, pero os monxes trasladáronse a beiras do río Loio, onde se constitúe en Abadía independente (bernardos). O rei Alfonso VII de León entregou o mosteiro á Orde do Císter en 1142 e recibiu a protección dos reis leoneses e casteláns, vinculado ao mosteiro de Carracedo do Bierzo.

En febreiro de 1167, o rei Fernando II de León concedeu ao mosteiro o coto xurisdiccional sobre Castro de Rei, Buxán, Vilarpape e Seixón. En maio de 1210, o rei Alfonso IX de León eximiu ao mosteiro do pago de yantares, un tributo relacionado cos alimentos, que ten a súa orixe no reino de León.

Por outra banda, Alfonso IX realizou varias concesións reais ao mosteiro e visitouno persoalmente en 1228, concesións que serán confirmadas por Fernando III en 1231 e por Alfonso X en 1255.

O mosteiro sufriu unha grave crise durante o século XV, xa que por iniciativa do Mosteiro de Santa María de Montederramo, en 1506 o papa Julio II ordenou que Santa María de Castro de Rei pasase a depender de Montederramo tras o falecemento do abade Juan de Pradomao.

O 3 de xuño de 1522 Santa María

de Castro de Rei deixou de ser unha abadía independente e converteuse nun priorado dependente do Mosteiro de Santa María de Montederramo. Algúns autores interpretaron que o mosteiro foi suprimido nesa data, pero existe documentación posterior que proba a súa continuidade. Ademais, a conversión dunha abadía independente en crise nun priorado dependente era un feito habitual na época.

Durante o Trienio Liberal (1820-1823), os monxes tiveron que abandonar o mosteiro debido á supresión das ordes monásticas pola Lei sobre mosteiros e conventos do 25 de outubro de 1820 e finalmente o mosteiro foi suprimido definitivamente polos decretos de exlaustración de 1835.

**A IGREXA ROMÁNICA.** Da igrexa primitiva só se conserva a ábsida da epístola, parte dos muros e outros restos da época na que foi construída, que se supón que é da época da arte románica, xa que a ábsida é románica.

A pesa de sufrir un incendio en 1936, foi posteriormente restaurada e no seu interior hai restos de pinturas do século XV e comezos do XVI, así como un capitel prerrománico.

Na súa cruz parroquial posúe unha xoia de prata, dun metro de lonxitude, que data de 1730. Isto lembra aos xoieiros que tiñan as avoas nos que gardaban adornos para poñerse en días especiais, xa que é como un xoieiro cunha peza de prata.

En Mosteirovello continúa acollendo algunhas celebracións relixiosas, como o San Antonio de Padua o 12 e 13 de xuño, e a Feasita celebra o San Roque o 3º domingo de agosto.



## MADEIRA

SERVICIOS FUNERARIOS

Funerarias  
Tanatorios  
Seguros



Desde 1945

Diego Pazos, 34 27600 SARRIA - Lugo  
Teléfono y fax 982 53 00 15

funeraria@servimadeira.es www.tanatoriomadeira.es

Pili Madeira  
FLORISTERÍA

Calvo Sotelo, 137 Tel. 982 530 015 SARRIA (Lugo)

floristeria@servimadeira.es - www.floristeriamadeira.es

REGALOS & EVENTOS

bicarelo

Calvo Sotelo 122 Bajo Izq - 27600 Sarria - Lugo  
Tel.: 982 88 65 85 / 633 22 69 88  
info@bicarelo.es